

Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia



Aprobado polo Pleno do Consello da Cultura Galega o 6 de abril de 2017

Coordinación

Rosario Álvarez Blanco

Comisión

Mauro Fernández Rodríguez

Valentina Formoso Gosende

Henrique Monteagudo Romero

Fernando Ramallo Fernández

Bieito Silva Valdivia

Observatorio da Cultura Galega

Hákan Casares Mouríño

Purificación Carballo Pérez

María Concepción Díaz-Fierros Tabernero

Asesoramento para elaboración do cuestionario

Xaquín Loredó (Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega)

Xestión e obtención de datos cuantitativos da mostra

Quadernas S.A.

Deseño e apoio técnico

Luís Gustavo Cuntín Docampo (dirección)

Alfonso Antonio López Rodríguez

M^a Lourdes Paz Vidal

Marta Viqueira Pampín

Introducción e metodología

O desenvolvemento deste informe suscitouse pola necesidade de aproximarse a un fenómeno sociolingüístico que caracteriza a presenza social e a utilización do galego na mocidade. Como se sabe de estudos precedentes, malia que a mocidade semella ter unha boa imaxe da lingua, a súa disposición a falar galego é cada vez menor. Podería sintetizarse como unha disociación entre unhas actitudes positivas cara á lingua e un nivel discreto e decrecente do seu uso. En primeira instancia, esta investigación pretende indagar as causas desa desgaleguización da mocidade. Xa que logo, o obxecto de estudo deste traballo son as opinións e actitudes que ten a mocidade sobre o galego e a súa disposición a usalo.

A publicación do *Mapa Sociolingüístico de Galicia*¹ da Real Academia Galega inaugurou os traballos de tipo cuantitativo sobre o idioma. No volume dedicado á lingua habitual daquel traballo detectouse que o galego era menos usado conforme baixaba a idade dos/das entrevistados/as. Ao mesmo tempo, na parte dedicada ás actitudes lingüísticas observábase que a idade influía do xeito contrario: melloraba o apego ao galego conforme descendía a idade. Este fenómeno suscitou interese e abordouse dende diferentes perspectivas. A Real Academia Galega emprendeu unha investigación² en que, usando metodoloxías distintas da administración dun cuestionario, demostraba que esas actitudes non eran tan positivas como semellaban. O Consello da Cultura Galega publicou en 2011 dous traballos³ que daban conta das actitudes lingüísticas e do uso do galego entre a poboación galega. Os resultados amosaban que a evolución do uso do galego seguía descendendo, quizais a un ritmo menor, e que o debate da lingua, malia ter algúns elementos de confrontación, seguía a impulsar grandes espazos

1 Seminario de Sociolingüística: *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 1994, 1995, 1996.

2 Seminario de Sociolingüística: *O galego segundo a mocidade*, A Coruña, Real Academia Galega, 2003.

3 Observatorio da Cultura Galega: *A(s) lingua(s) a debate*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2011; Observatorio da Cultura Galega: *O idioma galego na sociedade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2011.

de consenso positivo. Unha revisión detallada e recente da bibliografía de traballos macrosociolingüísticos sobre a situación do galego pode consultarse na publicación *Lingua e sociedade en Galicia* da Real Academia Galega⁴.

Preténdese enmarcar este traballo nesa tradición de investigación sociolingüística, pero toma como novidade principal o seu enfoque na franxa de idade da mocidade, achegándose ao fenómeno dende unha perspectiva teórica e metodolóxica heteroxénea. O obxectivo é obter unha información detallada da situación sociolingüística deste grupo de idade atendendo ás diferentes dimensións do uso e das actitudes.

Dende un punto de vista instrumental, a intención de levalo a termo fundamentouse principalmente nunha estratexia dupla. Por unha banda, optouse pola estratexia cualitativa dos grupos de discusión. Pola outra banda, aplicouse un enfoque cuantitativo mediante unha enquisa a unha mostra representativa da poboación moza de Galicia. A razón desta elección metodolóxica fundamentouse en que a primeira podería axudar ao deseño da segunda, pero tamén en que as diferenzas nos resultados que poderían obterse dos diferentes enfoques enriquecerían a análise e a reflexión. Esa investigación cualitativa é o obxecto da primeira parte do informe e a cuantitativa, da segunda parte.

Aínda que hoxe en día é normal que os estudos sobre a mocidade se estendan ata os 30 anos e en ocasións mesmo máis alá, o treito de idade que se pretende estudar limitouse ao rango que vai dende os 15 anos ata os 25. As razóns desta decisión son prácticas, porque permiten acoutar o universo, e teóricas, xa que se cre que a personalidade e as ideoloxías lingüísticas nos individuos se definen nos primeiros anos da mocidade.

O traballo de campo realizouse entre decembro de 2015 e febreiro de 2016. A secuencia consistiu en emprender primeiro a investigación cualitativa e despois a cuantitativa. Da coordinación do traballo de campo encargouse o profesional independente Luis Cuntín Docampo, que tamén moderou os grupos de discusión. No deseño do cuestionario que se aplicou a unha mostra representativa da mocidade participou o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega a través de Xaquín Loredó Gutiérrez. A xestión da mostra e a obtención de datos cuantitativos desenvolveunas o persoal especializado da empresa Quadernas S.A.

⁴ Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística: *Lingua e sociedade en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 2016.

A análise e redacción do informe correu a cargo do persoal do Observatorio da Cultura Galega.

Realizouse unha primeira explotación dos datos acompañada dunha descrición exploratoria dos resultados que se presentou a un grupo de expertos, constituídos nunha comisión técnica para a súa consideración. Os expertos orientaron análises en profundidade dos datos e a súa interpretación e puxeron en común os resultados para producir unhas conclusións e, a partir destas, unhas recomendacións. Esta comisión técnica estivo formada por Mauro Fernández Rodríguez, Valentina Formoso Gosende, Henrique Monteagudo Romero, Fernando Rammallo e Beito Silva Valdivia. Actuou como coordinadora do proxecto Rosario Álvarez Blanco.

Estratexia cualitativa: os grupos de discusión

Como é sabido, as estratexias cualitativas teñen a capacidade de representar unha analogía característica dunha realidade, pero non basean a súa capacidade en representar a realidade estudada na relación distributiva das súas magnitudes coas da totalidade. A suma de casos non devén en casuística senón en analogía do espectro social que se investiga. O obxecto de estudo nunha estratexia cualitativa é un fenómeno social que se proxecta nunha representación ou discurso. Malia que esta non ten por que ser exclusivamente lingüística, remite ao discurso en última instancia.

A estratexia cualitativa pola que se optou en particular foi a dos grupos de discusión. Considerouse que é unha técnica adecuada para observar e estudar a dinámica das representacións sociais.

Definíronse colectivos xuvenís a partir de considerar algunhas variables. A primeira foi o hábitat de residencia, do que se distinguen tres cortes segundo a estratificación de concellos, que se emprega tamén na enquisa da que é obxecto a segunda parte deste informe. Outras variables son o sexo, a idade (da que se tomaron tres segmentos que despois se reduciron a dous na enquisa), o nivel académico, a situación socio-laboral e o status socioeconómico.

Atendeuse a configurar e analizar os resultados de tres grupos de discusión, contemplando os tres segmentos de hábitat e incluíndo en cada un persoas de ambos os dous sexos. A partir dos elementos que se relacionan, defínese en cada

un deles un colectivo tónico e característico en virtude dun perfil combinado de idade, nivel académico, status social e situación socio-laboral.

Esta elección supuxo formular a hipótese de que o hábitat, a proximidade etaria e unha similitude de status social e cultural operarían como factores de homoxeneidade, identificación e comunicación. Entendeuse que eran elementos que farían posible un discurso tendente á converxencia. Supuxo igualmente atender á consideración de diferenzas internas nos grupos para que xerasen factores de heteroxeneidade e discrepancia.

Así pois, deseñouse e xestionouse a realización de tres grupos de discusión coas seguintes características:

- Un grupo formado por mozos e mozas de entre 23 e 25 anos, residentes en asentamentos rurais do concello de Frades e limítrofes, traballadores ou parados de baixa cualificación e extracción social modesta.
- Un grupo formado por mozos e mozas de entre 19 e 22 anos, residentes nunha vila cabeceira de comarca da Mariña Occidental, Viveiro, estudantes de FP de Segundo Grao, ou traballando ou en paro con ese nivel de cualificación, de status social medio.
- Un grupo formado por mozos e mozas de entre 16 e 18 anos aproximadamente, residentes en Vigo, estudantes de Bacharelato ou formación universitaria, de status social medio alto e alto.

Procurouse tamén unha composición dos grupos incorporando neles individuos que non se coñecesen previamente entre si. Esta opción presupón que esa falta de coñecemento e, polo tanto, de discurso común previo ten que achegar factores de heteroxeneidade/discrepancia provocadores de diálogo. As reunións foron obxecto de rexistro sonoro. A análise fíxose a partir das transcricións dos rexistros.

En canto aos contidos temáticos da investigación e sobre o guión das reunións, hai que mencionar que conforman a serie das dimensións que se xulgaron relevantes para o estudo como elementos estruturais do discurso.

A secuencia da reunión comezaba cunha entrevista en grupo na que se investigaba a bio-xeografía, a lingua inicial, a lingua da familia e da escola na infancia. Despois preguntábase pola lingua dominante na familia, no traballo ou estudos, nas relacións sociais, nas relacións de parella, consumo cultural, etc. Tamén se

trataron os ámbitos da aprendizaxe do galego e o castelán e a competencia lingüística autopercebida.

Na fase de diálogo, indagouse a valoración estética e aprecio xenérico polo galego e o castelán e polos usos lingüísticos. Tratáronse as preferencias lingüísticas en xeral e especificamente no consumo cultural e na utilización de soportes electrónicos para a comunicación escrita. Tamén se preguntou pola posibilidade de procurar referentes de calidade para a/s propia/s lingua/s falada/s e escrita/s nos medios de comunicación e na vida institucional. Cerraban as sesións un percorrido polas opinións sobre o galego e o castelán, a percepción da ausencia de uso falado e escrito do galego por unha parte da mocidade e, por último, unha perspectiva da evolución en Galicia das dúas linguas.

Enfoque cuantitativo: A enquisa

A enquisa elaborouse sobre unha mostra representativa da mocidade galega, definíndoa como a poboación do país de entre 15 e 24 anos, afixada proporcionalmente por idade, sexo e hábitat. Esa afixación atendeu a dotala de proporcionalidade interna e dispor de submostras, definidas polos estratos desas variables.

Considéranse como estratos de idade os dous grupos quinquenais en que a estatística oficial agrupa a poboación das idades de referencia: de 15 a 19 anos e de 20 a 24. Como estratos de hábitat utilizáronse os definidos polo “Indicador de grao de urbanización dos municipios de Galicia” aplicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que clasifica os concellos en tres categorías.

Previamente xa se medira o universo determinando o seu carácter infinito. Igualmente, predeterminárase un tamaño de mostra $n=800$. Unha mostraxe aleatoria simple para un nivel de confianza do 95,5% (2σ), na hipótese de máxima variabilidade $p=q=5\%$ dunha variable de proporcións, ofrece datos globais cun erro estatístico máximo asociado do $\pm 3,5\%$.

A execución da mostraxe estivo determinada pola opción previa de desenvolver unha enquisa telefónica. Executouse unha extracción aleatoria sucesiva de unidades en dúas etapas e na secuencia: fogares, como conglomerados, previamente asignados proporcionalmente a cada estrato de hábitat e representados por teléfonos fixos e individuos, con axuste final ás cotas de hábitat, sexo e idade determinadas polo deseño da mostra.

Os contidos do cuestionario que se aplicou son produto da colaboración do Observatorio da Cultura Galega e do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega para un estudo sobre o comportamento lingüístico da mocidade galega. Moitas das variables están deseñadas para permitir comparanzas con investigacións precedentes dentro e fóra de Galicia. Non obstante, desde o deseño inicial do cuestionario ao finalmente aplicado, este evolucionou no sentido de reducir a súa extensión ideal en razón de privilexiar as perspectivas de coñecemento da análise cualitativa previa e adecualo a unha duración viable en termos de administración telefónica (entre 20 e 30 minutos, como máximo).

O resultado supuxo, logo dunha versión intermedia e un ensaio de aplicación, unha redución da primeira versión. Houbo que renunciar á medición dalgunhas variables operativizadas de forma distinta, pero converxentes ou moi semellantes. Tamén se deixaron de aplicar preguntas que podían xerar automatismos de resposta. Houbo que prescindir nalgún caso singular de variables complementarias. O cuestionario aplicado que se ofrece nos anexos funcionou perfectamente na súa administración.

A súa estrutura responde a distintos eixes temáticos que o articulan e poden resumirse nos bloques seguintes:

- Datos de control e rexistro das variables de mostraxe.
- Variables de clasificación non usadas na mostraxe.
- Lingua inicial e habitual.
- Comportamento en situacións bilingües.
- Competencias lingüísticas autopercibidas.
- Exposición ao galego.
- Rede lingüística que os suxeitos configuran coas persoas máis achegadas a eles na convivencia.
- Autoconfianza lingüística.
- Percepción de discriminación por usar o galego.
- Actitudes lingüísticas.
- A identidade etnolingüística.
- A intención de comunicarse en determinadas situacións.
- A vulnerabilidade ao cambio de comportamento lingüístico.
- Finalmente, algúns datos de caracterización do perfil sociocultural do grupo familiar.

Na explotación dos resultados tomáronse en consideración a meirande parte das variables que produciu o cuestionario, pero non todas.

Estrutura do informe

O capítulo 1 céntrase na investigación cualitativa e expón o primeiro paso que se establecerá para a interpretación do discurso: a súa enunciación e análise. É un resumo do resultado das reunións dos tres grupos no que se subliñan as achegas máis características e as súas principais implicacións. Tomáronse como ilustración textos que recollen treitos das conversas transcritas.

En canto ao capítulo 2, o seu contido corresponde a unha análise dos discursos que aparecen nos grupos de discusión. Proponse unha tipoloxía de individuos que encarnarían os discursos e os sustentarían.

O capítulo 3 recolle o resultado da explotación da enquisa que engloba os usos lingüísticos. Nel descríbense os datos da presenza do galego na escola e no ámbito laboral daqueles que traballan, nas actividades extraescolares e no tempo de lecer. Outros fenómenos investigados son a acomodación lingüística e a exposición ao galego en diferentes ámbitos.

O capítulo 4 tamén se centra nos resultados cuantitativos e recolle o resto de apartados da enquisa que mereceron a atención deste informe. Nel analízase a autoconfianza lingüística, as actitudes lingüísticas e a identidade étnica. Asemade, foron obxecto de estudo a percepción da discriminación segundo a lingua, a vontade de comunicar en determinadas circunstancias e o grao de disposición a usar máis o galego entre a mocidade.

O capítulo 5 pecha o informe e comprende unhas conclusións analíticas e unhas propostas de actuación.

**1. OPINIÓNS SOBRE A
SITUACIÓN DO GALEGO.
RESULTADOS DE TRES GRUPOS
DE DISCUSIÓN**

Este capítulo recolle unha análise descritiva do que aconteceu nos tres grupos de discusión que se programaron como primeira parte da investigación. Como se di na introdución, os grupos de discusión configuráronse en función de tres segmentos de hábitat de residencia: densamente poboado, intermedio e pouco poboado. No primeiro caso elixiuse a urbe costeira de Vigo; no segundo, a vila e cabeceira de comarca de Viveiro, e no terceiro caso, o concello rural de Frades. Iníciase a descrición dos resultados co grupo de Frades.

1.1. No mundo rural, Frades

As persoas que participaron no grupo de Frades teñen o galego como a lingua habitual dentro e fóra da familia. O uso do castelán límitase a interaccións con persoas que non falan galego, o uso no sistema educativo naquelas materias que se imparten en castelán ou ás viaxes que fan fóra Galicia por vacacións, traballo, etc.:

- Home, por educación, cando che falan en castellano, respondes, pero... (nº 4)
- Por exemplo, ao mellor tes familiares que veñen e son de fóra de Galicia, pois..., se non te entenden, pois fálalles o castellano, ou incluso, xente, ao mellor, eu que sei?, mesmo na vida do colegio ou eso..., se hai asignaturas que se dan en castellano, pois en castellano [...] (nº 5)
- En todas as situacións; eu se me falan en castellano, falo en castellano, por respecto, pero nada máis, anque sepa que me entende en gallego, fálolle igual en castellano. (nº 4)
- Eu cando vou a Barcelona, seghido falo en castellano (nº 1)
- Eu, situacións concretas, ao mellor eso de xente, concreto, pero polo normal, galego. (nº 5)

Con todo, nalgúns suxeitos o uso do castelán non ten lugar se hai a percepción de que o interlocutor/a entende o galego, coma é o caso de practicamente toda a poboación que vive en Galicia:

- Eu depende, se é alguén que non entende o galego, fálolle en castellano, pero se fala o castellano e entende o ghallegho, fálolle ghallegho. Así e todo, estou en Ghalicia! (nº 7)
- E ti cambias de lingua nese caso? (P)
- No, se me entende! Si sei que é de aquí e me entende, non; non cambio. (nº 5)

Como acontece con outros grupos sociais e de idade, en parte da mocidade monolingüe en galego de hábitat rural, considérase que o galego que se fala e que caracteriza o propio mundo persoal e social é, dalgún xeito, unha variedade de baixa calidade, un “castrapo”, que é a lingua coa que se identifican. Agora ben, neste mesmo perfil de falantes tamén hai unha reivindicación da autenticidade do galego propio, identificado como galego “do país”, “do bo”: “- Así do país, buah!..., así do bo!”. Isto suxire unha xerarquía de variedades, algunhas con máis lexitimidade e outras con menos, en consonancia coas propias subxectividadeas destes falantes novos que habitan unha sociedade en que o galego normativo, o “ghallegho” e o castelán ocupan espazos distintos.

Confírmase que hai unha auto-representación na mocidade rural que identifica o galego como unha lingua de persoas brutas. Lonxe de ser unha posición homoxénea, semella máis un trazo ligado a unha forma de identificación por parte dalgúns mozos e mozas. Constrúese o suxeito dende imaxinarios que promoven unha identidade afastada da sensibilidade, a delicadeza, etc., a través dunha elección lingüística determinada. Como é obvio, isto non ten nada que ver coas linguas en abstracto, mais si coa praxe comunicativa. E precisamente por ser un trazo consciente enténdese que tamén é intencionado. Obsérvase a seguinte interacción:

- Eu son tractorista, eu ando..., traballo, bueno... pa cuabras, pa gandeiros, pa xente bruta falando, falando e en todo; entónces é normal que se me pegue máis esa maneira de falar. Ahora, se unha persona que fala gallego e vive en Santiago fala doutra maneira aunque fale gallego. (nº 4)

- Pero eu, por exemplo, que estou na aldea, vivo na aldea e teño vecinos ou familiares que traballan igual ca ti... Falan...; non falan ao bruto, falan... (nº 5)
- Pero bueno, non é o mesmo falar galego en Santiago que falar galego por aquí. (nº 4)
- Eu creo que depende da zona. Ao mellor..., ao mellor, o que falaba do seseo ou da gheada que teñas, sona máis bruto, ao mellor, “ghuapa” que “guapa”; entonces depende da zona, ao mellor, na que estés de Galicia: sona máis bruto ou sona máis... (nº 5)
- Creo que as persoas galegofalantes temos ese complexo, complexo, de bruto, de..., é dicir, que o idioma que falamos é un pouco menos quizá, e creo que non se debe ter, fales como fales. (nº 6)
- Eu non, oh! (nº 7)
- Eu non. (nº 4)
- Hai xente que si. (nº 5)
- Eu creo que si, non digo que eu, pero... (nº 6)
- Pa ser fino, ghallegho, non. (nº 7)

Por outra banda, xorde algunha voz no medio da mocidade galegofalante tradicional que expresa un sentimento de distanciamento co feito de falar castelán, experimentado emocionalmente como “verghonza” ou como desagrado (“non me ghusta”). Tras isto pode estar latente unha falta de seguridade lingüística (“non teño esa habilidá”) á hora de expresárense nunha lingua allea aos seus procesos de socialización, tanto primaria coma secundaria:

- Eu tampouco cambio, porque a min falar castellano dáme moita verghonza. Entón xa non suelen falarme en castellano. (nº 2)
- A ti non che agrada falar en castelán, dixeches. (P)
- Non. (nº 2)
- Ai!, a min tamén me pasa, non me ghusta. (nº 6)
- Pero por que? (P)

- A ver, non é que non me guste, tampouco nunca o falei habitualmente, co cal non teño esa habilidá, a miña... lingua de sempre..., a miña lingua materna é o galego; entón, non sei se me estou explicando? (nº 6)

Porén, ese distanciamento co castelán desaparece cando nos situamos nas prácticas tanto de lectura como de escritura, nas que o idioma preferido é o aprendido fóra da casa. O primeiro fragmento sitúa moi claramente ese aparente paradoxo. Como se ve, instrumentalízanse os cambios normativos no galego como parte da distancia que explica ese desprazamento da lingua oral. Isto permite varias interpretacións. Dunha banda, materialízase como permanente un proceso de cambios normativos que tivo lugar hai máis dunha década e cuxos efectos non deberon de ser moi salientables na mocidade porque, por razóns meramente de idade, previamente a eses cambios pouco contacto co texto escrito habían ter. Doutra banda, hai unha explícita referencia ao galego normativo como unha variedade allea ás experiencias vitais dos/das falantes tradicionais. No segundo fragmento recóllese esta observación a través do exemplo sobre as retransmisións dos partidos de fútbol pola Televisión de Galicia. Este distanciamento é aínda moi habitual en Galicia, tendo en conta que o proceso de estandarización é aínda relativamente recente e, ademais, continúa a ser contestado, tanto desde posicións elitistas coma desde a autoridade que dá falar un galego tradicional, nomeadamente entre unha mocidade consciente das dinámicas sociolingüísticas polas que transita o galego actual.

- Eu, despois, pa ler e escribir prefiero o castellano. (nº 2)

- Eu tamén... para escribir. Para ler, ghallegho. (nº 7)

- Tamén se entende mellor o castellano, porque, ao mellor, no galego..., si les, ao mellor, o galego normativo, normativo, ao mellor hai palabras que prefires en castellano, que se che recordan máis que ao mellor en galego, que é normativo e non o que falas, ao mellor, día a día. (nº 5)

- Porque o galego tamén que hai agora cámbiano cada dous por tres; entón non hai maneira tampouco de saber todo. (nº 4)

- A Televisión Galega é bastante popular a nivel de retransmisións deportivas e tal. Hai xente que lle agrada ou que lle desagrada porque..., ou que se sente a gusto coas retransmisións deportivas da Galega. (P)
- A min non me ghustan. (nº 1)
- A min tampouco; eu debo ser o único, pero os partidos... (nº 4)
- Con respecto ao “caneo” e cousas desas. (nº 1)
- “Mandou o balón ao longueiro”. (nº 1)
- Tamén din “terreo”... (nº 7)
- “Tirou ao fondo da malla!”. (nº 1)
- Pero eso tamén é o comentarista; non é o idioma, é o comentarista, é a persoa. (nº 4)
- “Gol na Malata”; hai o acento este! (nº 7)

Non se detecta unha preferencia dominante por medios de comunicación en galego. Certo é que algúns programas da TVG e da Radio Galega son valiosos para a mocidade rural, mais en xeral non hai unha conexión salientable coa súa programación. Ademais, valórase negativamente a calidade do idioma nestes medios:

- Si, anque ao mellor para a xente, ao mellor máis maior, ás veces ao mellor hai dificultades pa que o entendan. Eu, por exemplo, no caso dos meus abuelos, hai veces que non acaban de entender, porque ao mellor é tan ben falado que...; xente de antes, non o comprenden. (nº 5)
- Xa, é máis normalizado. (nº 7)
- Pois eu creo que o falan, pero moi mal, ademais porque no Telediario teño escoitado decir palabras que nin existen! (nº 4)
- Ao mellor ti non as oíches, pero ao mellor... (nº 5)

- No, no, no!: decir palabras mal ditas; o sea, dicir ao mellor unha palabra..., en vez de dicila en galego, dicha en castellano, e moitas veces!, no Telediario, despois do resto non digo... (nº 4)

Tampouco existe unha preferencia polo cine en galego. Pola contra, as prácticas nos novos medios si que mobilizan, en moita maior medida, o galego, como acontece nas redes sociais máis habituais e mesmo no correo electrónico. Con todo, tamén se evidencia unha certa falta de correspondencia entre os usos falados e os escritos neses medios, que semella obedecer a unha inseguridade perante a propia capacidade de escribir correctamente en galego ou dun xeito que se perciba natural. A interlocución con persoas que non falan galego funciona outra vez como pretexto e cabe deducir que a disociación entre a propia fala e o galego estándar é o problema real. Nalgúns casos, criticase o cambio de lingua que pode motivar o uso das redes sociais:

- Si, porque hai xente que, ao mellor, fala o galego e todo galego e vai poñer algo e pono en castellano. Eu eso é que non o entendo. (nº 5)

- Iso pensades que ocorre? Pensades que iso ocorre con frecuencia? (P)

- Si. (nº 6)

- Si porque no entorno pasa..., no meu, por exemplo, pasa. (nº 5)

- E por que pasa iso? (P)

- E que, non sei por que, pensa que, en canto escribe en castellano, vai..., non sei? Eu creo que algúns quixeran darse mellor a entender e danse igual a entender. (nº 5)

- E non será que non saben escribir en galego? Pregunto! (P)

- Se cadra si. (nº 1)

- Pero hai algunha persoa que diche: “No, que escribo en castelán porque en galego a ortografía...”, e despois... horrible todo, u! (nº 6)

- Ou parece que non sona tan ben, ou non queda tan ben. A min paréceme que non queda tan ben escrito; ao mellor unha frase non queda tan ben escrita. Entonces é mellor escribila en castelán. (nº 5)

Como é esperable, hai unha plena identificación co galego na mocidade que ten este idioma como lingua habitual. Non se constata unha posición de insatisfacción polo feito de seren falantes de galego; pola contra, a identificación positiva con esta lingua, ou polo menos coa variante que eles usan, é unha evidencia neste sector da poboación galega.

- Que idioma vos gusta máis? (P)

- Eu prefiro o galego tamén. (nº 2)

- Eu tamén. (nº 3)

- Eu tamén. (nº 5)

- Bueno, pero é normal. Nós... tamén nos criamos neso. (nº 4)

- Eu identifícome máis co ghallegho. (nº 7)

- Porque dende pequenos foi a lingua concreta que, ao mellor, desde o principio che falan na casa. (nº 5)

- Pero eu quero falar o castelán e parece que me costa! (nº 1)

Hai unha conciencia sociolingüística bastante elaborada por parte dalgúns e algunhas participantes. Por exemplo, maniféstase unha demanda de máis galego para Galicia, entendida como a “defensa” do noso.

- Eu creo que debería predominar algo máis o galego, que para eso estamos en Galicia. Se estuvéramos noutro lado falaríamos castellano, pero xa que temos esta lingua, polo menos, falala. (nº 5)

- A min gustaríame que o idioma predominante en Galicia fora o galego. (nº 6)

- A min tamén. (nº 1)

- [...] i non..., é dicir, que non... que a tendencia non siga á alza co castelán, como creo que está sendo, porque non sabemos o que temos hasta que se perde. (nº 6)

- Eu creo que se debería defender máis a nosa lingua do que se está defendendo. (nº 5)

Ademais, a substitución lingüística interprétase coma un proceso en marcha. Isto é moi coherente coa situación do castelán nos espazos rurais. Téñase en conta que, segundo os datos do IGE, a poboación monolingüe en castelán dobrouse entre 2003 e 2013 nos municipios de menos de 10 000 habitantes, pasou do 5% ao 1%, o que debe ser moi considerado no diagnóstico da intensidade do proceso de substitución lingüística. Se ben este se dá case por concluído en boa parte dos espazos urbanos, ten aínda un enorme percorrido nas vilas e no rural. A poboación moza é consciente desta situación que experimenta no seu propio día a día. Cada vez máis persoas introducen o castelán, tanto se quedan coma se marchan do territorio para desprazárense a vivir a outras partes de Galicia, fundamentalmente ás cidades. Por iso, as dinámicas socioeconómicas das urbes galegas aínda contribúen —se cadra, agora indirectamente— á desgaleguización dende a reprodución dunha muda lingüística que leva producíndose décadas e da que eles e elas se ven tamén como potenciais protagonistas:

- Eu... creo que desgraciadamente vai ganar o castelán. (nº 6)

- Claro, máis xente cada vez fala castelán nada máis. Eu penso que debería falar máis o galego. (nº 5)

- Eu non sei se ten que ver, pero aghora, que cada vez hai menos xente no rural..., xa non ves... Van todos máis contra o pueblo. Xa empezan a falar máis castellano. O gallego penso que xa foi máis do pueblo que é. (nº 7)

- Ao mellor a xente que está no rural e se vai, ao mellor, vai para unha ciudá e xa empeza a falar castelán, e non entendo por que: porque ti, que te vaias do rural e te vaias pa Santiago, ou pa Coruña, eu non entendo por que tes que cambiar de galego ao castelán, se segue sendo Galicia. (nº 5)

- Por un día non, por un día non! Pero se vas, se cadra... un ano ou dous anos, empézanche seghido a falar castelán, falar castelán, falar castelán, e o ghallegho valo deixando atrás, queiras que non... Foi o que me pasou a min polo menos... (nº 1)

- Eu penso que dependendo da edá que teñas, porque no colegio supoño que che seguirán ensinando o galego; entón ti falarás galego, pero unha vez... É o que di ela: ao mellor aos dezaioito que te vas a estudar á ciudá; ao mellor aí... vanse perder máis falantes galegos ca ao mellor os que hai no colegio... Claro, pero ao mellor, pois... o típico de... coñeces xente... da ciudá; entón fálanche o castellano; entonces ti..., claro, poste a falar o castelán tamén e despois acabas falando castelán. (nº 5)

Neste grupo de poboación, o mundo laboral considérase un espazo de escasa motivación para o uso da lingua galega. Con todo, ao tratarse dun ámbito que está asociado ao desexo de medrar, xustifícase nalgunha medida e con certo respecto e tolerancia a obrigatoriedade da expresión utilitaria do castelán.

- Porque moitas veces no traballo se tes que falar, ao mellor, con xente de fóra, se traballas cara ao público... (nº 5)

- Porque se hai condicións laborais que cho exijan, a ver... (nº 6)

Amósase a percepción da educación escolar como espazo que, malia favorecer o galego, non abonda para contrarrestar as tendencias negativas polas que discorre o día a día da lingua. Introdúcese a cuestión da imposición do uso do galego no ensino en contraste co uso do castelán, que non se considera imposto.

- Pero ao mellor en galego, ao mellor falan nas aulas, porque ao mellor está imposto pero, despois as relacións, en xeral, todas as demais, ao mellor siguen falando no castelán; ao mellor na clase é por imposición, non porque eles, ao mellor, se sintan cómodos falando. [...] Eu creo que moitas veces se fala o galego, ao mellor por imposición, sobre todo, ao mellor, nos institutos ou universidades porque... se ve a xente, ao mellor, que ti na aula escóitala falar en galego... (nº 5)

- Ti falas o galego por imposición? (P)

- No! Pero hai xente que si! Que ao mellor nas aulas fala! E despois ao mellor fóra fálache o castellano nas relación de amizades, por exemplo. (nº 5)

- Eu creo que eso é á inversa. (nº 6)

- Si? Como? Hai unha imposición do castelán? (P)

- No, imposición no, pero eu creo que a xente, a ver como me explico, tende a falar o castelán..., pois por adaptarse i por..., é dicir, por coincidir máis co resto e non cambiar ao galego. (nº 6)

- Esta sería a explicación dese aumento de falantes do castelán. (P)

- E que aínda é unha cousa que non cheguei a entender; quero dicir, non sabría dicirche, porque non entendo: o castelán mola!, supuestamente... “¡Y qué le vamos a hacer!”. (nº 6)

A vontade de transmisión do galego aos fillos e fillas constitúe unha posibilidade irrenunciable para a mocidade falante desta lingua, sen descartar tamén a socialización familiar en castelán, orientada á adaptación á vida fóra de Galicia, unha posibilidade que algúns non descartan.

- Depende do sitio onde esteas! (nº 1)

- Pero eu creo que moitas veces cámbiase o idioma ao mellor polas relacións de amizades que poidas ter. Moitas veces depende das relacións. (nº 5)

1.2. No mundo vilego, Viveiro

Trátase dun grupo máis novo, de clase media e maior nivel formativo e ocupacional: formación superior e experiencia laboral en traballos de cualificación media (dependentes de comercio, administrativos, etc.). No seu perfil biográfico, a diáspora constitúe un trazo referencial na dimensión estendida da familia, con casos de proxenitores nados fóra por causas migratorias históricas. A meirande parte viviron sempre en Viveiro, con algunha tempada fóra, pero sempre en Galicia, xa na mesma Mariña, xa na Coruña ou Santiago, por razóns laborais dos proxenitores ou dos propios estudos.

- Bueno, eu nacín en Galicia. Meu pai naceu en Francia, porque os meus abuelos desde aquí emigraron a alí moitos anos. E miña mai tamén é d'aquí. Nada, vivín toda a vida ao lado, aquí, de Viveiro, de San Román, e nada máis. (nº 6)

- [...] sempre vivín en Viveiro, e meus pais son os dous d'aquí, anque teño familia fóra, no País Vasco, pero nada máis; son sempre d'aquí, e toda a familia igual. (nº 5)

- Eu tamén son de Viveiro. Miña familia toda é d'aquí, de Viveiro, i agora, por motivos de estudos, estou vivindo nun pobo do lado que se chama Foz. (nº 4)
- Meu pai naceu en Portugal, miña mai en Coruña, pero toda a vida vivín aquí e teño vinte e dous anos. (nº 7)
- Meus pais son ambos de aquí. Si que meus abuelos son emigrantes, estiveron en Cuba. E eu vivín toda a vida en Viveiro, menos dous anos, que estiven estudiando en Coruña e vivindo alí; pero agora, en Viveiro. (nº 3)
- Mi madre es de Bilbao. Mi padre de Coruña. Yo nací en Bilbao pero, bueno, llevo aquí muchísimos años. (nº 2)
- [...] mis dos padres son de aquí, siempre vivieron aquí y yo vivo aquí; solo que estuve dos años viviendo en Ribadeo. (nº 1)

O perfil sociolingüístico de Viveiro exemplifica o que acontece en moitas vilas galegas de tamaño medio. Tanto o galego como o castelán ocupan os espazos de socialización primaria e secundaria, nalgúns casos xa con precedentes na xeración dos proxenitores. Se ben, a diferenza do que acontece nos espazos urbanos, practicamente todos e todas aprenderon o galego na casa. Hai varios exemplos de bilingües iniciais. Ademais, nalgúns casos, conséntase a relevancia do sistema educativo como ámbito castelanizador:

- Onde aprendestes o galego?
- Na casa. (nº 8)
- En mi casa se habla gallego y castellano. (nº 9)
- Na miña, igual. (nº 4)
- En mi casa se habla gallego, y yo no sé el porqué de que hablo castellano. (nº 1)
- Na casa toda a vida se falou gallego, pero no colegio, en Primaria, pois... obrigábanos a falar en castellano!; non sei por que. Despois xa... fun pa o instituto; era todo gallego, gallego, gallego..., e, eu que sei! Se me falas gallego, fáloche gallego, e se me falas castellano, fáloche castellano. (nº 3)

Estes trazos, xunto a outros que se verán ao longo da análise, permiten falar das vilas galegas como espazos de transición, de especial interese como obxecto de análise para entender as dinámicas sociolingüísticas en marcha que operan na Galicia actual. Así, enténdese que o traballo no hábitat vilego (heteroxéneo en si mesmo) permite acceder, en tempo real, ás causas que explican o proceso de substitución lingüística e, asemade, ás motivacións para a recuperación/mantemento do idioma galego. Por exemplo, a ruptura da transmisión interxeracional do idioma galego, un feito do que son protagonistas e para o que algúns non atopan explicación.

- Meu abuelo falou sempre galego, pero... sempre me insistiu un pouco que..., digamos, que aprendera máis idiomas, e que o castelán, digamos, en España, en xeral, que era máis útil; pero aínda así, falamos os dous idiomas. (nº 9)

- Eso é algo mui característico parece que de todas as casas, porque os meus avós tamén sempre falaron galego i a min eles sempre me falaron en castelán. (nº 4)

- Por exemplo, en mi casa mi madre sí que se habla castellano; mi padre, gallego, pero gallego cerrado, que tú lo escuchas hablar y dices: “¿Qué dices?”, pero... sí; mis abuelos también hablan gallego. Lo que pasa es que yo tiro más por mi madre, más el castellano y... (nº 2)

- Pues mis padres hablan en gallego, pero, yo no sé por qué, me pasa como a ti, hablo castellano. (nº 7)

Como evidencia do que se está a dicir, os exemplos que seguen son moi eloquentes para entender o proceso de perda do galego. Desprázase a lingua familiar aprendida na casa e o castelán convértese en lingua habitual. É o proceso contrario ao neofalantismo, que ten o seu xermolo en espazos de dominio indiscutible do castelán, coma as cidades e as vilas grandes. Isto vén confirmar que o proceso de substitución lingüística ten marxe de actuación, ao igual que, en menor medida, acontece no rural.

- Yo siempre hablo castellano. Me puedes hablar en el idioma que tú quieras, que yo te voy a contestar en castellano. Considero que tengo un castellano de calidad, pero el

gallego, no. Yo el gallego..., sí me defiendo, pero... ¡lo justo y necesario para salir del paso! (nº 2)

- E onde o aprendeches, o galego que sabes? (P)

- En el instituto. En el instituto y de escuchar a mi padre, porque, al fin y al cabo, te queda, ¿no? Pero no lo hablo. (nº 2)

- Yo hablo castellano siempre excepto con mis padres, que hablo gallego, pero... no... (nº 7)

Con todo, neste grupo hai un caso excepcional que se declara neofalante.

- [...] hasta fai catro anos, ou por aí, sempre falaba castelán; na casa sempre me enseñaron en castelán, hasta que chegou un momento que cambiei de compañías, cambiei os amigos e empecei a falar galego fóra da casa, e agora falo galego sempre. (nº 8)

Como consecuencia da penetración do castelán tanto no eido familiar coma no eido social, o bilingüismo é a praxe dominante na mocidade vilega. A diferenza doutros grupos, como sería o caso da mocidade urbana, este bilingüismo non ten que verse necesariamente coma unha práctica encomiable. De feito, podería tratarse dun proceso transitorio con posibilidades de rematar derivando nun monolingüismo en castelán, tal como aconteceu en boa parte das urbes galegas, por exemplo.

- Eu sempre falo galego, menos na casa, cos familiares, unicamente. Igual..., e igual eu estou contigo e estou falando galego, e, de repente, chega meu irmao e a el contéstolle en castellano, sabes? E non sei... : cos familiares, castellano, sempre; non sei, unha manía ou... o que queiras chamarlle. (nº 8)

Esta conduta preponderantemente bilingüe atinxe diferentes ámbitos, coma os laborais, as amizades, etc. A regra que semella operar é a de usar a lingua da persoa coa que se interacciona. Con todo, tamén hai falantes monolingües de galego, mesmo como unha praxe consciente:

- E, por exemplo, si que é verdá que eu, por exemplo, traballando, ou dependendo de que cliente me veña. Si o cliente me fala gallego, téñolle que contestar en gallego; si o cliente me fala en castellano, téñolle que contestar en castellano. E teño amigos cos que

falo gallego, cos que falo...; dependendo do que me falen..., eu contesto nun idioma ou en outro. (nº 3)

- Eu..., pásame exactamente o mesmo que comenta aquí a nº 3. Si ti me falas galego, fáloche galego, si me falas castelán, fáloche castelán. (nº 4)

- Pois eu sempre falo en gallego, sempre, sempre!, excepto que non entendan o que digo, pois entonces teño que falar en castellano. Pola familia que teño sempre me teñen dito, os de fóra máis ben!, os da casa non: de falar en castellano, e nunca, nunca, nunca; e os da casa sempre gallego, e cóstame muchísimo falar en castellano, moito, porque me sinto como ridícula!, sabes? (nº 5)

Nalgúns casos, emerxe a idealización de que as súas prácticas lingüísticas orais son deficientes en ambas as dúas linguas, o que supón partir de modelos de lingua moi afastados dos usos reais. Tamén, igual que en Frades, aparece a cuestión do “castrapo”. Noutros é máis positiva a autoavaliación do seu castelán ca do seu galego:

- Eu considero que... nin falo ben o gallego, nin falo ben o castellano, porque falando gallego meto castellanismos..., buff, unha barbaridá!, e falando castellano, pois..., o que decía el, de tempos compostos e historias destas, e, vamos, que nada! (nº 3)

-[...] creo que me sinto máis cómoda, ás veces, falando en castelán, porque teño bastante máis vocabulario. O sea, si quero ter unha conversación máis extensa i falar de temas..., non sei, un pouco específicos, si recurriría un pouco ao castelán, porque, a verdá, gústame ler i leo moitas máis cousas en castelán que en galego i todo eso, pero non teño un problema en falar... galego; de aí a que pódoche dicir tamén que non falo ningún dos dous idiomas perfectamente, porque sería... (nº 4)

Hai, polo demais, un feito que, aínda que sexa unha constante en boa parte dos mozos e das mozas galegas, non deixa de ser rechamante: asúmese que o nivel de lingua escrita é deficiente, tanto en galego coma en castelán. Desde logo, nun sistema educativo centrado fundamentalmente nas variedades escritas e no que a oralidade non ocupa a parte que debería, esta autoatribución dun escaso dominio da escritura é sorprendente. Preocupa tamén que senten que non teñen referentes para o uso do galego, patróns de calidade, ao tempo que non valoran

as variedades na xusta medida. De todos os xeitos, hai quen sabe que existe unha norma que non entra no rexistro coloquial pero que está de modelo para eliminar castelanismos.

En canto ás percepcións, hai unha posición coincidente en que na vila hai un uso habitual das dúas linguas, sendo predominante o castelán no medio laboral, nos comercios e en grupos de poboación cunha (aparente) mellor situación social.

- Eu creo que en Viveiro, ademais de falarse en castelán, se raja [presúmese] mucho el castellano; es un pueblo..., la verdad que..., que un pouco pasa eso, que conoces á xente e hai veces que notas que non é o castelán a lingua na que falan, sabes? Que están falando contigo, i dis, non sei: “Que non falas castelán!”. É verdade que me estás rajando el castellano! (nº 4)

- Postureo! (nº 2)

- Si que se nota. (nº 3)

- Postureo. (nº 2)

- Si, eu asocio un pouco o castelán á cidad, a gente bien. Non sei! (nº 4)

- Digamos que..., digamos que está asociado... o español está asociado a..., digamos a..., non sei, a unha mellor situación social; digamos, que tes máis cartos, si, e digamos que a xente casi sempre busca como aparentar..., sabes? E sabes que...? Bueno... a idea esta de..., da xente que aspira, digamos, como aparentar ou que tal, digamos que si, normalmente, non solo en Viveiro, sabes?; en moitos lados que, digamos, que falan en español, e despois, non sei!, aínda que falen ou non español..., digamos, que é unha cuestión como de aparentar. Eso é o que vexo eu. (nº 9)

- Bueno, yo no sé los demás. Yo hablo castellano, y ni mucho menos para aparentar ni para creerme de ciudad, ni..., no sé.... Yo personalmente, ¡eh!... (nº 1)

Xa que logo, estratificase o uso lingüístico non só a partir de feitos obxectivos, senón tamén como unha forma simulada de comportamento social. Tamén hai coincidencia en que o castelán está máis arraigado no núcleo urbano de Viveiro e o galego nas aldeas ou parroquias do concello. Esta dicotomía centro-periferia

exemplifica unha constante de moitas vilas galegas, independentemente do seu tamaño.

- Bueno, pero en Viveiro a maioría da xente fala castelán logo. (nº 8)
- Bueno, en Viveiro, digamos, núcleo urbano!, porque despois vas a Vieiro, Landrove ou tal... Aí si! (nº 9)
- Eu vivín sempre en Viveiro. Hai moitos comercios ou... tendas ou así, que tu, si non sabes que eres... A xente que leva o comercio non sabe que es de Viveiro..., vanche falar igual en español. E se tu respondes en galego, vánche sacar... o galego, sabes? Non hai, digamos, que... a lingua de cara ao público sempre vai a ser español, sempre, bueno, no oitenta por cento!, aínda que...! (nº 9)

En todo caso, non se constata un rexeitamento explícito ao galego entre os falantes de castelán. Unha cousa é a lingua que a mocidade fala e outra ben diferente é que esta praxe leve consigo unha ideoloxía belixerante coa lingua galega. Non semella haber tal cousa.

- Yo hablo castellano, pero no desprecio ni muchísimo menos el gallego. A mí me gusta escuchar hablar gallego. Lo que yo veo en mí, por ejemplo, que voy a hablar gallego y... ¡tengo que pensar las cosas antes de decirlas! ¡Tardo un montón y me siento como un poco... imbécil!, por decirlo de alguna manera, antes de hablarlo; pero a mí me gusta que la gente hable gallego y... (nº 1)
- Non o desprezas? (nº 5)
- [...] no lo desprecio. No; ¡no! Y me gustaría saber hablar bien el gallego. (nº 1)

Agora ben, é mester sinalar que aínda ten vixencia o mito da imposición do galego. Para algunhas persoas, o feito de que se estude en galego constitúe unha obriga, consideración que nunca se fai sobre o castelán. Emporiso, para outras persoas iso carece de sentido.

- A mí, por ejemplo, es lo que me pasó. Yo cuando llegué al... Bueno, yo entré aquí en Primaria, tal y cual, ¡eh!... A mí, como me obligaron a hablar gallego, ¡le pillé tanto asco! No por el idioma en sí, porque es un idioma bonito, porque tú lo escuchas y... pero es

como... ¡no! A mí, si me obligas a algo, ¡no lo voy a hacer! Y yo pienso que es también lo que le pasa a mucha gente. A la hora de hablar un idioma, a la hora de hacer otras diversas cosas, que no... (nº 2)

- Eu levo bastantes anos no tema da escolarización, facendo unhas cousas e outras, i nunca me impuxeron falar un idioma, nin o galego nin o castelán. É certo que uns anos atráis eu creo que, porque a lingua galega, a verdá, en canto ás asignaturas i o total delas, estaba moi olvidada, e dábamos a maioría en castelán, impuxeron un pouco pois facer cincuenta cincuenta, pero na vida me impuxeron a min falar nin unha lingua nin outra. (nº 4)

Por outra banda, por razóns diversas a mocidade galega é unha xeración moi sensible á muda lingüística: (re)construción da identidade, mobilidade xeográfica, cambio ideolóxico, acceso ao mercado de traballo, etc. Cando esta muda se produce, conséntase certo tipo de sanción social, mais sen chegar ao menosprezo. No caso de Viveiro, este cambio adoita ser do galego cara ao castelán, como recollen os seguintes fragmentos:

- Bueno, eu son a nº 3 eh!... Si que estúven dous anos vivindo en Coruña e, por... xuntarme con xente que falaba castellano e tal..., pois, igual chegaba a Viveiro e igual se me escapaba o castellano; e entónces os meus amigos decíanme: “Que, xa vés falando castellano, tal e cual”. Pero en ningún momento me sentín menospreciada ou nada, eran simples comentarios de... pa meterse con alguén, pero si que non... (nº 3)

- Eu, nunca..., a verdá, nunca, nunca sentín eso, nunca sentín ningún rechazo; i é máis, un pouco o que dis ti, non? Teño... amigos dentro da miña propia pandilla que son moi militantes do galego, i como a esas persoas incluso lles fastidia un pouco que lles fales o castelán..., pois son con persoas que... nin me molesto en cambialas. Si me apetece falarlles castelán, falo castelán, porque teño pois o gusto, falando mellor ou peor, de que poido falar as dúas linguas. Entónces..., cando me impoñen algo porque si!, sabes?, aínda que... Somos igualmente galegos que españois! Bueno, eu síntome máis galega por outras cousas, pero que tamén me molesta ese rechazo hacia o castelán que como... “¡Es que tienes que hablarme gallego! ¡Pues no, chica!” (nº 4)

Este grupo caracterízase por un baixo consumo cultural e mediático en galego. Con todo, no caso da televisión, aínda que manifestan que non ven a TVG, si

que se lembran e recoñecen como espectadores desta na infancia. O uso do castelán é predominante nos novos medios, mesmo entre algunhas persoas que son monolingües en galego, particularmente se a interacción ten lugar con persoas de fóra:

- Eu no WhatsApp nunca uso o galego. (nº 4)
- E unha cousa que me interesa: ti, que, por exemplo, que me dis que sempre, sempre, falas galego, se agora me puxeras a min un WhatsApp, poríasmó en galego? (P)
- En castellano. (nº 3)
- E iso? (P)
- Non sei! O WhatsApp sempre en castellano!; agora, falar!, olvídate! (nº 3)
- Eu, galego, e sempre falo galego. Éme igual que me escriban en castelán ou en galego, sempre vou responder en galego a non ser..., como no caso del, que seña de fóra e non che entendan se estás escribindo, entónces cambio de idioma e falo castelán. (nº 8)

A mocidade vilega ten unha percepción negativa sobre o futuro da lingua galega. Nesa clave reaparece a diferenza entre a evolución do idioma nas vilas e cidades e no mundo rural, considerando este último como un reduto protector do galego. Con todo, tamén se fai referencia a certa recuperación por parte da mocidade no uso do galego nas relacións sociais e en situacións de lecer ou ocio, aínda que, en xeral, os augurios sobre o futuro da lingua galega son ben negativos:

- Eu opino que o galego... desaparecerá... bastante rápido. Nos núcleos pequenos e tal... falan castelán. (nº 6)
- Eu opino que igual; penso que vai desaparecer no que é logo na ciudá, no núcleo, pero, nas aldeas e todo esto, eu penso que sempre se vai falar galego, e sempre. Sempre se falou e sempre se vai falar. (nº 8)
- Eu penso... parecido, de que vaise chegar a perder nas cidades, aínda que non nas aldeas, pero... é que non sei!, porque cada día...; é dicir, tu escoitas a unha persona falar o gallego normativo..., e eu, que falo gallego, non a entendo, porque eu creo que cada vez se parece máis ao portugués! É dicir, están metendo cada vez máis cambios que...,

que, uff!, chega un momento que unha persoa que é de Galicia que..., que cóstache entender! (nº 3)

- Pero xa o fala menos xente! Se te das de cuenta fálaos menos xente! A ver, si fala máis xente, pero ao mesmo tempo... hai xente que non o fala xa! É que... vivindo aquí de toda a vida! Entón eu creo que se acabará..., a ver, non como decía antes coma o latín, eso é un pouco esaxerado, pero si, perderase! Bueno, creo, non sei! (nº 5)

A identificación máis dramática desta realidade é cando nunha mesma familia distintas xeracións falan xa linguas diferentes.

- Yo no me refiero a lo que hablan ya en casa; sí, no ya lo que tú hablas. Por ejemplo, sus padres hablan gallego y están hablando castellano, o sea... Yo creo que una cosa no quita la otra! Pero es eso, yo pienso como él, que se va a acabar perdiendo. Los chavales de hoy en día, más pequeños que nosotros... Hay que ser consciente de que no es..., no es como antes, ¡joder! (nº 2)

- Teño un exemplo mui cercano a min, eh!... dúas primas: unha ten dez anos e outra ten cinco, ambos pais, abuelos por ambas partes falan todos gallego, e as nenas falan en castellano. Tu fálaslles en gallego e as nenas contéstanche en castellano. Eu non sei se é polo colegio, eh!..., uff!..., non sei por que é, pero eu creo que se vai a acabar perdendo. Si que quedarán, ao mellor, pois..., nas aldeas ou... nos pueblos, eh...galegofalantes, pero... (nº 3)

Neste senso identifícase a propia mocidade coma a xeración que ten nas súas mans mudar a situación tan negativa pola que, segundo elas e eles, transita a lingua:

- Creo que, a verda, a xente, non sei por que motivos, se igual era o medo a que empezase a desaparecer ou non sei que..., os jóvenes estamos empezando un pouco máis a utilizar o galego. (nº 4)

- Eu estou dacordo. Nótoo: fai anos en Viveiro non se falaba tanto galego comparado con agora. (nº 8)

- Parecía que á xente de fai uns anos costáballe máis, si falabas galego, pois ir a ligar, ir á discoteca, ir a onde querías ir, i falar o galego. I creo que a día de hoxe xa é algo... Si falas galego, falas galego; si falas castelán, falas castelán. (nº 4)

- Yo, sí que pienso [...] que va a llegar una etapa de que va a desaparecer, pero también por culpa nuestra ¡eh! O sea, ya no solo... ¡Culpa nuestra! (nº 2)

- Eu creo que a xente que lle temos un certo aprecio ao que somos nós, non?, ao noso idioma..., tampouco deixaríamos que eso ocurriese! Canto..., bueno, e que eu non creo que se esté perdendo o galego! (nº 4)

- Pero igual, igual chegan a un punto na súa..., cando vaian medrando, vanse dar conta: oes, temos unha cultura, un idioma que nos fai ser algo, que somos determinados. Pois esto non se pode perder! E como di ela, agora hai xente que hai anos non falaba galego e agora son reintegracionistas, supermilitantes e van... Eso vai seguir pasando! (nº 9)

Isto é coherente co imaxinado na hipotética transmisión lingüística interxeracional cos posibles descendentes, nunha forma de asumir certa responsabilidade co futuro do idioma, sen que iso supoña, doutra banda, renunciar ao castelán. Isto significa, en certa medida, equiparar as dúas linguas, mais dende unha forma idealizada. Hai evidencias abondo de que o monolingüismo familiar en galego non impide, nin moito menos, a aprendizaxe e o uso futuro do castelán, e máis, ponse de manifesto o desexo de que as xeración futuras sexan competentes neste idioma prestixiado e con obrigas para toda a cidadanía. Porén, isto non se pode dicir tan claramente de familias monolingües en castelán respecto do galego.

- Eu cando teña fillos podereicho decir, pero gustaríame que aprendesen a lingua galega coma min. Tendo unha igualdá para todo; sabendo falar ben o castelán, sabendo... Non que pase eso de tu falas galego e non me sei desenvolver logo en castelán, nin que pase...: eu falo castelán e non sei falar en galego. Non me gusta. (nº 4)

- A mí me gustaría que supiesen hablar los dos idiomas, aunque yo hablase castellano. (nº 1)

- Exactamente. (nº 3)

- Eu penso logo que..., eu penso que lle ensinaría a falar en galego, pero tampouco quero logo que sempre falen galego; non quero que lle collan, como quen dice, unha manía ao castelán. Eu gustaríame que falara os dous idiomas, que se desenvolverán perfectamente nos dous idiomas. Tanto vivimos en Galicia, pero tamén vivimos en España, sabes? (nº 8)

- Eu tamén, porque penso que... vai..., bueno, cando sexa un cativo non, pero cando medre vaise relacionar con outra xente e, digamos, que claro, é o que dice el, vivimos en Galicia, pero en España tamén; entón vai ter que relacionarse con xente que fala en castelán, así que, aínda que queira ou non, vai ter que aprender a falar castelán tamén; así que penso que é interesante que... aprenda a falar galego, tamén, digamos, como para que adquira un pouco máis de vocabulario, non sabes?, que teña máis... facilidades. (nº 9)

1.3. No mundo urbano, Vigo

A biografía lingüística do grupo de Vigo é acorde coas dinámicas sociolingüísticas dos espazos urbanos galegos. Estas caracterízanse por unha alta castelanización inicial familiar, con reducidos contactos co idioma galego, salvo nos casos dunha ascendencia vilega ou rural evidente e, tamén, por unha aprendizaxe do galego en contextos educativos. Por fin vese unha presenza de neofalantes cunha forte racionalización sobre a lingua e a necesidade da súa protección e promoción. Xa que logo, trátase dun grupo que sintetiza o perfil sociolingüístico da mocidade urbana galega: castelanfalantes, neofalantes e bilingües, tal como recollen os seguintes fragmentos:

- Pues yo nací en Orense, pero siempre viví en Vigo y en mi casa siempre hablan español, aunque a veces..., mi padre habla a veces en gallego, y gallego me lo enseñaron en el colegio, yo creo (nº 1)

- Yo nací en Vigo, viví también en Vigo. En mi familia no se habla casi nada gallego, y el gallego lo aprendí en el colegio (nº 2)

- Vivín en Vigo os primeiros anos da miña vida i logo fun pra unha aldea, a As Neves, i falei sempre en galego, estudei sempre en galego, independentemente de... (nº 7)

- Eu sempre falei castelán...O galego si que o falei coa miña avoa, que era galegofalante e sempre falaba e se dirixía a min en galego (nº 9)

Malia estudar nun modelo de educación cunha presenza continua do idioma galego nas aulas, resulta destacable que teñan vixencia certas representacións sobre a lingua máis recoñecibles en épocas pasadas. Refírese á identificación do galego como unha lingua inicialmente ligada ao mundo rural. Iso non supón necesariamente a vixencia dun desprezo explícito, senón que se trata máis ben dun referente identitario que asocia as linguas a formas diferentes (aínda que de xeito difuso) de ver e de vivir o mundo. É a manifestación dunha dicotomía clásica entre unha identidade ‘emocional’ artellada arredor do galego (fálese ou non) e outra identidade ‘modernizadora’, construída dende os imaxinados potenciais do castelán:

- Yo asocio el gallego con ir al pueblo o así, porque... como en mi casa no lo hablo, donde lo escucho es cuando voy al campo, o al pueblo. Y las cosas que me gustan del gallego es que es como un idioma propio, que no hay en otros sitios y es como que nos diferencia del resto. Y lo que me gusta del castellano es que es internacional y te puedes comunicar con todo el mundo con el castellano. (nº 3)

- Eu relaciono o castelán [irónico], pois... a ver como explícalo, coa xente máis de cidade, como Vigo, por exemplo, i logo coa xente que quere fuxir dese estereotipo de ruralidade que ten o galego, sobre todo; i o castelán ten as súas cousas boas tamén, claro, como a universalidade i eso, pero non sei, non creo que sexa tampouco... (nº 7)

- Pero, bueno, perdón, no tiene que ver que sea que quieran huir de todo lo rural, porque ¡eh!... yo puede que lo asocie con el campo, pero no por ningún estereotipo ni nada, simplemente porque como yo no lo hablo en casa, pues cuando voy al campo o al pueblo, a mi pueblo, pues es cuando lo escucho, pero no me parece que sea ningún estereotipo ni nada. (nº 3)

- Vale, pois eu asocio o galego con algo máis íntimo, porque eu sempre o falei na miña familia; entón, como que, cando falo galego, é como cando quere decirte alguén que estás como moi unido a el. I, sin embargo, o castelán é para falar co resto da xente; entón realmente eu creo que como lingua para expresarse..., o sea, é a miña opinión, vale?, pero que realmente utilizamos..., para min o castelán, é como que lle dou máis importancia,

porque eu mañán voume a Madrid ou a Barcelona i non vou falar galego, vou falar castelán. Pero, aínda así, o que é o idioma galego sempre o vou relacionar, pois, coa miña casa, coa miña familia máis cercana, i esa... é a miña opinión. (nº 6)

Con todo, a mocidade urbana tamén é consciente desta dicotomía como unha forma estereotipada de entender a realidade sociolingüística de Galicia, na medida en que xorde máis aló da propia subxectividade. Porén, o peso emocional visibilízase mesmo entre os claramente defensores activos do idioma. Así, como recolle o seguinte fragmento, mobilízase o non-valor do idioma como argumento para a súa protección.

- [...] por tanto sempre se relacionou o catalán co poder, cos cartos e... digamos, con certo status, cousa que aquí non pasou; entón, sabes que pasa? Que moita xente xeraliza e pensa que o galego fálase como de pobo..., é de paletos ou así, tamén polo acento. E eu penso que o galego... temos que coidalo, porque é o noso idioma e aínda que non sirva para nada, como moita xente di [...]. (nº 5)

Esta contradición é habitual nunha parte da poboación galega que utiliza este idioma e que, polo tanto, se nutre da súa utilidade. Non é contradictoria, emporiso, nos sectores urbanos castelanfalantes que anulan discursivamente a utilidade do galego a favor da aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Agora ben, desde posicións galegófonas máis conscientes, esta contradición esváese e emerxen argumentos máis consistentes co valor real do idioma na sociedade. Véxase a este respecto a seguinte interacción:

- [...] i dúas cousas. O de que non tivera ningunha utilidade, que o dixeras ti, que non o dixeches en plan eso, que dixeches que existía esa creencia, é algo totalmente falso, porque ten unha similitude moi grande co portugués, i o portugués é un idioma tan universal como o castelán. Logo... (nº 7)

- Acabas de dicir algo importante... (nº 5)

- Que é que cando lle falas a alguén hai que ter en consideración que pode non entender-te. Ben, eso en calquera idioma! Igual que lle falas castelán a alguén, pode non entender-te, que che diga: “oe, non te entendo!”. (nº 7)

Por outra banda, o galego aparece ligado a un cambio xeracional, a unha comunidade que forma parte dun pasado afastado da demografía urbana. Non só se percibe como lingua do rural, mais tamén como de persoas avellentadas.

- Yo pienso que... Cuando pienso en el gallego lo asocio a personas, pues..., de tercera edad, más que a adolescentes, y cuando lo escucho, pues, suele ser ¡eh!... muy cerrado; entonces como que es algo, como dijo la nº 3, es muy... es propio de una determinada zona y que no... y el castellano es más para..., pues, para... las ciudades. (nº 4)

A identidade constitúe tamén un tema explicitamente manifesto no discurso dunha parte da mocidade. Como pasa con outros sectores da poboación, non son alleas á mocidade as idealizacións e os mitos respecto a outras realidades sociolingüísticas como formas de construír a súa propia argumentación sociolingüística sobre a identidade. A mocidade láíase tamén da falta de suxeitos con capital social que se expresen en galego e se transformen en referentes do seu uso:

- E tamén todas as campañas que estanse a facer, por exemplo, en Gadis ou nos supermercados ou en carteles, que ti podes ver cando vas pola estrada ou así, que todas son en galego. Eu penso que cantos máis intentos existan por fomentar o uso dun idioma é peor, porque ti cando vas, eu nunca fun, pero se vas a Cataluña estou seguro de que alí a xente, aínda que os sinais de tráfico e todo iso, aínda que tamén estean en catalán, a xente fala por vontade propia, sabes? Teñen como unha identidade moito máis arraigada que a nosa, e quizais falte algún personaxe así como un pouco máis ilustre, ou alguén famoso, alguén guai que fale o galego, porque hai cocineiros cataláns que falan en catalán e arrastran [...]. Por iso, por iso, pero que no caso de Cataluña é especial... que aquí non hai ninguén que dé exemplo no uso do galego, así, sabes?, que incite a falar o galego. (nº 5)

Unha cuestión ideolóxica salientable ten que ver con como se entenden as oportunidades para mobilizar a lingua aprendida entre a mocidade. Neste contexto, faise referencia ao mundo académico e o debate céntrase na dificultade de adquirir coñecementos nunha lingua diferente ao castelán e as posibles consecuencias negativas de empregar o galego como lingua de aprendizaxe.

- En bioloxía é bastante incómodo ter que aprenderse todas as cousas en galego porque iso é algo bastante obxectivo, porque por moito amor que lle teñas á lingua, ti, á hora de

exercer unha profesión importante, aprenderte todo en galego, en galego ou en calquera outro idioma co que non te sintas familiarizado!, dá igual si é galego ou inglés...; a min non me gustaría dar bioloxía en inglés, por exemplo. Se eu vou usar o que aprendo en bioloxía nun ámbito de castelanfalantes, parécese un pouco absurda a idea de ter que aprender todo, dende os nomes dos ríos, que é o “Tajo” e ti..., sabes... Non sei, parécese un pouco máis práctico, non nin mellor nin peor, máis práctico, o feito de aprender a bioloxía, que son termos bastante específicos i que moitas veces cambian bastante en galego. (nº 5)

- Que sí, que, por exemplo, en algunas asignaturas nos vemos obligados a aprender el gallego, porque, por ejemplo, el Tajo es el “Texo” para nosotros... [ininteligible. Óese que alguén di: Taxo], o los Urales, “os Urais”; o sea, es algo que nosotros, aunque sea geografía o algo así, nosotros lo hemos aprendido en gallego, y, cuando lo ves en castellano, te quedas como, ¡ah!, ¡que era esto!; entonces, más o menos era lo que me pasaba a mí, pero bueno... (nº 2)

Porén, o feito de que determinadas materias sexan impartidas en galego non implica que se vexan condicionados para usar o galego, por exemplo nos exames ou mesmo nas aulas:

- [...] por ejemplo, tengo biología en gallego; yo no tengo ni idea; a mí me dices..., me pones un examen, y te lo voy a hacer en español, porque no tengo ganas de hacerlo en gallego, porque no me sé la mitad de los términos y porque voy a tener un montón de faltas de ortografía. (nº 6)

Xa que logo, por razóns de diversa índole, a mocidade reivindica a liberdade á hora de empregar o castelán nas materias en que é obrigatorio aprender en galego. Non se explicita tal liberdade a favor do galego. Isto é consecuente coa representación da imposición da lingua galega, que ten unha certa preeminencia na poboación urbana castelanfalante. Deslígase o galego das obrigas e asúmese que só o castelán ten este privilexio. O discurso é ben coñecido: ‘normalízase’ unha desigualdade histórica que contribúe a estabilizar, por inacción, os agravios sobre os que transita o idioma galego na sociedade actual. Trátase, xa que logo, dun discurso, preocupante e probablemente, irreflexivo, como boa parte dos prexuizos.

- Pero hai palabras que cambian moito! Á parte ten razón el, que non deberíamos dar ningunha clase en galego excepto a propia clase de galego, porque si non... (nº 6)

- Coño!, mates ou así, si; por que non? (nº 5)

- Debería haber liberdade, yo creo, que cada uno hace... Yo creo que máis o menos. Bueno, en mi opinión, nos dan muchísima liberdade a la hora de escoger el idioma; de hecho, no sé, historia, por exemplo, es en gallego, pero yo puedo escribir los exámenes en castellano si quiero, ¡solo que no quiero! (nº 3)

- Entonces realmente no creo que deba ser así, que realmente creo que eso de la educación en gallego debería ser algo, sí, algo un poco máis opcional. (nº 6)

Esta liberdade argumentase sobre un rexeitamento da política lingüística educativa que regula que materias deben impartirse en galego, mais non arredor das que se imparten en castelán. Este prexuízo ten un fondo ideolóxico identificable nunha parte da poboación urbana galega. Fronte a ese prexuízo, apréciase un discurso minoritario de reivindicación do papel do galego no sistema educativo desde unha argumentación consistente:

- Non, non me parece ben. Nin o que dixeches ti, nin o que dixo el, e ademais me parece unha barbaridade. Vivimos nun sistema no que a lingua galega é cooficial, i no ensino debe ser tamén dun modo cooficial, amais é absurdo, por exemplo o que dicía ela dos Urais. Os Urais non son nin "Urais" nin "Urales", lle darán un nome alí que é de onde son, a xente, non? É dicir, non... A min eso..., por exemplo a bioloxía, falas logo de cando si queres desempeñar un papel alto, no?, no escalafón dentro do que sería un dos traballos dentro dese... (nº 7)

Seguindo co sistema educativo, é destacable a percepción dunha diferenza entre centros públicos e privados, que ten que ver coa naturalidade do uso do galego por parte do profesorado e polo interese en promoverlo. Avalíase tamén a calidade da lingua galega por parte do profesorado nos centros escolares e considérase que o nivel competencial, en xeral, dos/das docentes é baixo, mesmo cando se trata do profesorado desta materia específica. A maioría responsabiliza desta situación, por unha banda, á propia obrigatoriedade legal do uso do galego nos centros educativos cando se trata de impartir materias non lingüísticas en galego

e, por outra, ao feito de que os/as mestres/as non son galegofalantes. Nalgúns casos considérase que as competencias en galego do profesorado son superiores nos colexios públicos, aínda que en xeral cren que o uso do galego está rexido en parte pola propia política lingüística do centro e pola vontade do profesorado, á marxe da normativa actual sobre o uso da lingua na ensinanza.

- E respecto dunha cousa que dixeches dos centros educativos. Eu creo que tamén comeza por aí, porque, eu non sei nos vosos casos... dos demais, pero, eu estiven xa en varios centros educativos na miña vida e creo que en ningún tiven un só profesor de galego... que falase propiamente sen..., a ver..., obviamente sin ningún castellanismo. É moi difícil, pero... case todos os profesores que imparten unha asignatura en galego, porque é obrigado que se faga así, non falan ben o galego, falan medio galego, logo se cambian ao castelán, logo medio castrapo, e para iso ou que falen galego ou que falen castelán. (nº 5)

- Pero hay algunos profesores que son... que hablan castellano y, por lo que sea, les obligan a hablar gallego y es normal que en determinados momentos... se equivoquen [...]. (nº 4)

- A ver, eu a miña experiencia con profesores en galego é que a maioría dos profesores en galego que tiven falan en castelán, sempre, a excepción dalgunhas que, sobre todo agora que... na ensinanza pública si que hai xente que fala galego na súa casa e se nota moito, pero, por exemplo, nos centros privados a xente que imparte galego... (nº 9)

- [...] los profesores que nos dan biología, por ejemplo, en gallego están todo el rato cambiando, incluso muchas veces dicen; “Mira, vamos a dar la clase en español porque sino esto no lo vais a entender”, sino que, en la propia clase de gallego, muchas veces el profesor no habla gallego, prefiere hablar en español. (nº 6)

- Yo me acuerdo que en cuarto de la ESO teníamos biología; unos, o sea, nos dividíamos en dos clases de biología y éramos como quince en mi clase y nos decían que, o sea..., el primer día preguntaron: “A ver, ¿quién está de acuerdo en que la demos...?, ¿quién quiere dar la clase en gallego?”. Y entonces nadie levantó la mano; dijeron: “preferimos en castellano”. Pero con que haya una persona que quiera darla en gallego, tendría que darse en gallego por ley. Pero todo el mundo dijo: “bueno, a mí me da igual”, “yo prefiero en castellano”, entonces al final se dio en castellano. Pero, no sé..., que los profesores por ley deberían darla en gallego, pero, tampoco creo que..., es como que, por ley... Entonces

tú estás obrigado a que te den una clase cuando..., o sea, hay que tener una clase en un idioma cuando todo el mundo. (nº 3)

Se esta é a situación, é doado entender que se manifeste abertamente a falta de seguridade lingüística na mocidade castelanfalante á hora de expresárense en galego, o que activa reaccións críticas tamén co sistema educativo actual. Isto choca, en parte, cos resultados dos traballos que miden as competencias lingüísticas do alumnado galego desde perspectivas cuantitativas, mesmo cos resultados da segunda parte deste informe:

- Eu creo que non..., que é imposible que se imparta unha lingua dende arriba, sabes?, eh! Por moito que esté toda a Administración e as clases se den en galego, se... na casa..., pois..., os nenos aprenden español e falan entre eles español, pois..., pois..., eh?... van falar español por moito que lles obliguen na escola a falar galego, así que non... (nº 8)

- Yo creo que [...] por hablar en gallego no vas a sacar más nota en gallego, porque en mi clase una niña... (nº 4)

A mocidade urbana ten unha posición favorable á estimulación do idioma galego máis aló do ámbito educativo, por exemplo no tecido económico, malia que é un grupo poboacional consciente do pouco valor que se lle atribúe á lingua en contornos profesionais. Porén, recoñécese que é posible, a través da educación, cambiar esta percepción de que o galego está pouco valorado. De aí que o papel que se lle outorga ao ensino en galego é moi relevante, no sentido de que pode cambiar a actitude da mocidade cara ao galego e que esta chegue a considerala unha lingua “útil”:

- Eu penso que todos aceptamos que hai un problema, ou como queirades chamarlle, que é que o galego está pouco valorado en aspectos elitistas como poden ser a... traballar nun laboratorio ou cousas así, non? Ben, e cal é o xeito de cambiar? Eu penso que un dos mellores xeitos de cambialo é a través da educación porque como vas a afectar nas vindeiras xeracións, porque os que están non vas a poder cambialos, si non se fai que a xuventude estude esos términos en galego i vexa que pode, que pode... O problema é que esa xuventude vexa que pode chegar a un sitio, a un lugar, a unha profesión alta na que

poida falar o seu idioma; o sea, o seu idioma. Non sei si o seu idioma pero o galego. Vós non o vedes? Por exemplo, e si, ademais..., si non se ataca polo ensino, por onde? (nº 7)

Entre a mocidade tamén se activa un uso condescendente do galego, que procura afinidade ou acomodación, malia que ese tipo de praxe poida percibirse como distante e mesmo artificial. Isto confirma a importancia da lingua como un mecanismo de cohesión social:

- [...] Yo, una de mis mejores amigas habla gallego siempre, y hay veces que..., pues que le contestamos en gallego o así, y hay veces que dice: “no te sientas obligada”. O sea, yo creo..., gente que sabe que habla siempre en castellano y le contesta en gallego..., nota como que te estás obligando, ¿sabes?, como que estás forzando; y yo creo que tampoco es así, pero eso creo que es una visión que tiene otra gente. Mi amiga, que siempre habla gallego, hay veces que se siente incómoda cuando hablamos... ¿eh... sabes?, porque nos ve, es como que le estamos haciendo un favor. (nº 1)

- Ya, pero un amigo... Cuando tú tienes un amigo y tú le hablas, y él te habla en gallego, y tú le hablas en gallego y tú siempre hablas en castellano, pues es como que haces un esfuerzo por él. Si yo... fuese al revés no me sentiría mal, yo diría, pues, ¡jobá!, “se toma el esfuerzo de hablar en gallego”. (nº 6)

- Sí, sí, yo no te estoy hablando de eso. No es..., no es que se sienta mal, pero es que sabe, no sé si me entiendes. Sí, claro que se siente agradecida, pero dice: “es que parece que no lo estás haciendo porque quieres”, y eso no tiene nada que ver. (nº 1)

Agora ben, estamos diante dunha xeración que ten asumido que cada quen pode e debe falar na lingua que estime oportuno, sen que iso supoña ningún problema de cortesía, respecto, etc. Isto, desde logo, é un feito salientable se se ten en conta que noutros grupos xeracionais a acomodación lingüística, fundamentalmente de galegofalantes, foi unha práctica bastante habitual:

- É absurdo eso! Hai moita xente que é galegofalante, en casa, en todos os aspectos, pero, cando lle fala alguén en castelán se cambia ao castelán, i eu non a critico por eso. É algo absurdo, tanto do castelán ao galego, como de galego a castelán. (nº 7)

- Yo, si me hablan en gallego, no hablo en gallego... No me parece que, si a mí me están hablando en gallego y yo hablo en castellano..., no me parece una falta de respeto. (nº 4)

- Porque non é unha falta de respecto, claro que non. (nº 7)

- Es mi idioma. ¡Yo hablo en mi idioma y ya está! (nº 4)

- A mí, yo es que respeto muchísimo que la gente..., es que me parece que la gente puede hablar el idioma que quiera y..., si tú me preguntas en gallego, yo tengo el derecho de responderte en castellano, y viceversa. Si yo te pregunto en castellano, tú tienes derecho a responderme en gallego y me parece totalmente..., me parece que son compatibles los dos idiomas. (nº 3)

O que queda claro é que as actitudes normalizadoras dos/das monolingües en galego buscan certos espazos formais para o galego e un compromiso identitario de fondo. Os/as monolingües en castelán insisten nas súas limitacións para poder adaptarse ao idioma do/da interlocutor/-a galegofalante pola súa falta de competencia nesa lingua e o que en realidade queren é que ninguén lles faga falar en galego porque non se consideran competentes para facelo.

- [...] no lo hago porque no me guste el gallego, simplemente porque considero que no tengo nivel suficiente como para poder... ¿sabes? ¡No me expreso igual! (nº 3)

A mocidade ten tamén unha posición crítica respecto das limitacións das políticas públicas orientadas a normalizar o uso do galego na sociedade. Enténdese que a vitalidade da lingua depende basicamente do compromiso das familias nunha sorte de política lingüística familiar.

- A ver..., realmente en ese caso, si tú lo que quieres hacer es que todo el mundo hable gallego... Vale, pues, simplemente lo que tienes que..., lo que tendrías que educar es..., sería a la gente para que enseñe a sus hijos en gallego, y les enseñe a hablar español y gallego. (nº 6)

No consumo cultural evidénciase unha clara predilección polo castelán. Así, para unha parte da mocidade urbana a lectura en galego responde a obrigas académicas, o que volve situar o galego no discurso da imposición. Como xa se

mostrou con anterioridade, este discurso non é de aplicación ao castelán. Así, lese castelán por tradición e galego, se é que se le, por imposición.

- Por exemplo, yo solo leo gallego lo que me mandan en el colegio, ¡pero no tengo ningún problema en leerlo! (nº 4)

- Ya; yo ninguno. (nº 3)

- No leo en gallego porque no he tenido la oportunidad de coger un libro en gallego. (nº 3)

- Sí, yo leí de..., pero por el colegio. (nº 3)

Con todo, tamén está o perfil do lector consumado, ao que non lle importa a lingua en que estea escrito o libro, senón o feito de gozar da lectura:

- Yo sí que leo en gallego y en español, y leo libros que sean de gallego, de autores gallegos y españoles. Porque me traen un libro y a mí me da igual si está en español o en gallego; yo..., lo que me importa es que me interese la historia que me va a contar el libro por la portada o por... ¡A mí me da igual! (nº 5)

No tocante á música, a maioría da mocidade non mostra moito interese na feita en galego. Considérase que vai dirixida ao público galego e que o seu éxito fóra é menor. Xa que logo, instrumentalízase a elección lingüística por parte dos/das artistas que crean en galego como se se tratase dun peche cultural dirixido exclusivamente á militancia:

- ¡Y hay música en gallego que es buena!; otra cosa es que a lo mejor pues... Tú haces una canción en gallego, y por lo general pues... como que solo va... (nº 6)

- Va dirigida al público gallego. (nº 3)

- Sí, va a ser como más conocida entre el público gallego y tú haces una canción en español y te puede oír una persona de Madrid, de Barcelona o de donde sea. (nº 6)

- Y es un poco..., por lo que parece que..., es que tengas muy metido..., seas muy gallego-hablante, pues, a no ser que sea por eso..., vas a cantar en español normalmente. (nº 6)

Tamén son recoñecibles entre a mocidade posicións encontradas sobre a categorización das linguas, ben como instrumentos para a comunicación, ben como artefactos culturais. Non se trata de categorías excluíntes, pero si que permiten establecer perfís en función das prioridades:

- [...] que la lengua es para comunicarse con la gente, y yo..., me da igual, si te quiero decir algo a ti, pues..., te lo digo en español, como te lo puedo decir en gallego, como tal..., pero, o sea, a mí me da igual si es gallego o español; a mí no me importa; no me voy a sentir identificado con alguien por hablar gallego, ni identificado con otra cosa por hablar castellano; o sea, por mí, si me pones un idioma y consigues que todo el mundo lo aprenda, yo lo hablaría y me daría igual si todo el mundo me entiende. (nº 6)

- Pero eso ten un problema básico! (nº 7)

- Ti non podes falar o mesmo idioma nos Alpes que no deserto, por exemplo. (nº 5)

- Claro, esa idea ten un problema básico, i é que o idioma reflexa a cultura... (nº 7)

- [...] porque no asocio la lengua para nada á cultura; eu asocio totalmente a lingua á comunicación, i o digo: eu creo que a lingua existe para poder decirte a ti algo ou para que teñas... (nº 6)

- Yo estoy de acuerdo..., estoy de acuerdo en el sentido de que sí, que me parece toda la lengua para comunicarse, pero yo creo que cada..., que deberían mantenerse las lenguas propias, porque es que..., aunque no sepa... No, no me refiero por lo que tú dijiste, lo del blanco, simplemente porque es algo que refleja nuestra..., vamos a ver, la... (nº 3)

Como acontece no conxunto da sociedade, entre a mocidade urbana hai posicións contrapostas respecto da identificación da lingua galega con ideoloxías políticas, nomeadamente próximas ao nacionalismo ou ao independentismo. Este tipo de representacións poden explicarse porque o galego que se escoita nas cidades ten un claro perfil de praxe consciente, con frecuencia en persoas neofalantes. Ás veces, a sociedade simplifica esta muda atribuíndolle só unha dimensión política-partidista e non outras como a cultural, a profesional, etc.

- E esto ten un porqué. Estamos en Vigo. En Vigo o idioma dominante é o castelán. Se alguén fala galego é porque ten unha militancia para cun idioma que representará i que... (nº 7)

- Pero, claro, vaite a un pobo de Lugo, sabes? I non se vai a relacionar que fales galego con ningunha opción política. (nº 7)

- Pero tú te acuerdas de que antes me decías de que asocias la cultura a la lengua, ¡vale! A lo mejor esa persona, una persona... Coges a una persona y, a lo mejor, está muy interesada en esa cultura de Galicia, o sea, pero no rollo independentismo. Esa persona ya por asociación va a hablar en gallego. (nº 6)

- Eu, por exemplo, teño un caso no meu equipo..., no meu equipo deportivo: hai dous anos unha persoa tomou a decisión de falar..., de comezar a falar en galego. Que pasa? Que hai varias persoas que, cando se dirixe a elas en galego, sítense como ofendidas. E eu non o entendo, para nada! E que... non ten sentido... e falan... Ti sabes falar galego, o entendes, non? Pois entón, de que tes que queixarte? E á parte é que falas con el, i... Eu recordo os primeiros días en que el tomou a súa decisión de falar en galego, que todo o mundo lle estaba a dicir: “é que ti es un independentista, ti es ‘no sé qué’, quieres que Galicia ceibe”. Non sei que! (nº 8)

Suxírese que a lingua non ten nada que ver coa identidade colectiva, senón que é simplemente unha ferramenta de comunicación.

- O idioma reflexa a cultura; o sea, é como o dos inuíts, que teñen vinte nomes para o branco, pois... (nº 7)

- Xa, i ti te fixas nos nomes da chuvia, por exemplo. (nº 5)

- O dos nomes da choiva, por exemplo, é cultural; a lingua é cultural. (nº 7)

- [...] que la lengua es para comunicarse con la gente, y yo..., me da igual, si te quiero decir algo a ti, pues..., te lo digo en español, como te lo puedo decir en gallego, como tal..., pero, o sea, a mí me da igual. (nº 6)

Respecto do futuro da lingua, atopamos unha certa contradición entre a praxe e o desexo. Mentres que se asume que a lingua está en situación delicada e que cumprirían esforzos para evitar a súa vulnerabilidade, non será coa súa propia praxe que iso se logre. Trátase dunha especie de compromiso irrealizable. Así, no suposto de teren descendentes, optarían por falarlles a lingua que eles e elas falan actualmente, isto é, maioritariamente castelán.

- Vou a educalos en galego, téño moi claro. Pero o que non me gustaría nunca é que adoptase unha posición de extremismo e que lle custase...; non me gustaría chegar ao punto de que lles custase falar en castelán. Iso non me gustaría! (nº 5)

Agora ben, tamén hai un discurso moi elaborado sobre as responsabilidades xeracionais no futuro do idioma. Sirva esta reflexión final como unha valiosa síntese sobre os imaxinarios da mocidade galega respecto do presente e o futuro da lingua, independentemente da lingua que se fale:

- [...] realmente está todo, xa o dixeran antes, está nas nosas mans, non doutra xente. O sea, eu o de educar aos nosos fillos ou tomar nós a decisión, como o meu compañeiro de equipo..., de comezar a falar o galego por..., por afecto á nosa cultura ou ao noso..., á nosa forma de ser, que é o que nos dis[-tingue]..., o que nos diferencia de ser de Castela ou de ser de Asturias, ou de ser de... calquer outro sitio. Eu creo que é algo que... que temos que defender, porque é noso...; e, a pesares de que non o... ti non o compartas, eu creo que é algo que tes que defender, porque ti es galego; non máis..., non por obrigação, pero si por... porque o sentes. Eu creo que é algo que está máis alá de linguas ou de calquer tipo de entendimento. (nº 9)

2. TIPOLOXÍA E ESTRUTURA DOS DISCURSOS SOBRE A LINGUA

Globalmente, ningún dos grupos se caracteriza pola produción de discursos moi elaborados sobre a temática obxecto de discusión e predominan as opinións previsibles e mesmo tópicas. A nivel individual, si que houbo intervencións e tomas de postura que se sustentaban en argumentos e reflexións consistentes.

Os discursos dos grupos remiten principalmente a dous vectores: por unha banda, a relación entre lingua e identidade (tanto a nivel individual como colectivo) e, por outra, os comportamentos sociolingüísticos (cunha visión a miúdo conflictiva entre o que se fai e o que se pensa que se debería facer). Os argumentos en que se sustentan estes discursos derivan fundamentalmente de factores contextuais (a lingua da familia e da contorna, é dicir, da socialización primaria) e son máis emotivos ca racionais.

A continuación realízase unha análise interpretativa da produción dos grupos co propósito de identificar discursos diferenciados e de determinar as referencias que os alimentan, os comportamentos e actitudes que xeran e a tipoloxía de individuos que os representan.

2.1. Discurso da identidade afectiva

Este discurso está representado polos mozos e mozas do rural convocados en Frades e maniféstase no valor dunha identidade afectiva que lle atribúen á lingua galega, tanto na dimensión familiar como na ambiental. É un discurso que se apoia en factores emotivos e vivenciais moi interiorizados e previos ás reflexións que xorden no debate interno do grupo, pero que mostra debilidades na súa defensa argumental e, mesmo, en compromisos que supoñan enfrontarse a dinámicas dominantes ou asumir posturas con ingredientes de conflictividade ou de custo persoal.

É propio de monolingües en galego, que tiveron este idioma como lingua inicial e que na actualidade viven fundamentalmente nun medio rural e galegofalante. As experiencias co castelán e con outras linguas que algunhas destas persoas viviron

por razóns familiares, de estudo ou de lecer non interfíren de maneira substancial na comprensión do rural galegófono como unha realidade case totalizadora.

O galego é un elemento clave da súa identidade persoal, por ser un vínculo afectivo coa familia, coas amizades e co seu contexto vital. Só en segundo termo aparece como lingua do país, e, cando se reivindica como símbolo colectivo en confrontación co castelán, faise no nome da identidade rural.

Esa asociación do galego co mundo rural fai que asuman a súa lingua poucas veces con normalidade, como un rexistro popular ao lado doutros posibles, pero a maioría como unha variedade non exenta de prexuízos: un ‘ghallegho’ ou ‘castro’, que exhiben aparentemente con orgullo identitario, pero tamén con certo sentimento de incomodidade. Tamén asocian a lingua co “acento galego”, que os delata, e coa idea de ser “brutos/as”.

A educación escolar realizouse en galego, o que os reforzou na valoración desta lingua. Ao mesmo tempo aseguroulles unha competencia escrita.

Os seus hábitos culturais resólvense preferentemente en castelán, especialmente os que se canalizan a través de medios audiovisuais e de soportes electrónicos. Isto fai que este sexa un ámbito, desde o punto de vista lingüístico, claramente disociado de todos os demais.

O seu compromiso coa lingua galega e a súa postura perante políticas orientadas á súa normalización social son algo ambivalentes: defínense favorables á súa potenciación, pero en clave principalmente emotiva e sempre que non supoña promover o monolingüismo en galego. Teñen interiorizada a necesidade de falar en castelán cando non se coñece a procedencia do/da interlocutor/a e, no que se refire á transmisión da lingua aos seus descendentes, as mozas mostran con máis claridade ca os mozos a súa disposición a garantila.

2.2. Discursos do bilingüismo utilitario e pasivo

Está representado por individuos bilingües que apostan por unha convivencia entre o galego e o castelán, pero non nunha fórmula de libre elección, senón de convivencia e espazo compartido. Atopa as súas manifestacións e notas máis perfiladas nalgúns membros do grupo de Viveiro (unha moza e un mozo que se recoñecían como bilingües con predominio do galego e do castelán, respectivamente) e do

grupo de Vigo (onde tres participantes masculinos se identificaron tamén como bilingües, un con predominio do galego e dous con predominio do castelán).

É un discurso menos compacto ca o analizado no apartado anterior e máis condicionado por circunstancias individuais: en boa medida, pola lingua que predomina no seu repertorio bilingüe. Isto fai que tamén se enuncie unhas veces como fórmula positiva de convivencia e outras como necesidade utilitaria de inclusión social e adaptación. En calquera caso, é un discurso emotivo, na medida en que interpela criticamente os propios comportamentos e obriga a xustificalos sen unha elaboración meditada.

Representáno participantes bilingües, de hábitat vilego ou urbano e cunha extracción social media ou media alta. Son individuos que parten de situacións diversas en canto á lingua familiar, pero que conviven cunha presenza significativa dos dous idiomas. Este feito xustifica un consenso básico arredor da coexistencia bilingüe, pero permite discrepancias nas actitudes con que se asume e na evolución desexable.

Aínda que non de forma clara e indefectible, as súas posturas lingüísticas e os argumentos en que as sustentan tenden aos seguintes modelos:

- Cando predomina o galego, o uso do castelán é utilitario (para a inclusión horizontal e a circulación laboral), e o galego é a lingua das interaccións non condicionadas por ese tipo de factores. En termos de sensibilidade e argumentos, nestes individuos hai unha proximidade notable cos discursos da identidade afectiva e da normalización (este último verase máis adiante) e semella unha actitude máis propia da mocidade das vilas e de persoas con orixes sociais máis modestas. Conforman unha subcategoría tipolóxica que chamaremos “bilingües utilitarios”.

- Cando predomina o castelán, o uso do galego é principalmente unha forma de relación horizontal e resulta de certa espontaneidade na convivencia. Ao respecto da concorrencia das dúas linguas en Galicia, a súa sensibilidade e argumentos están próximos aos do que se chamará discurso do “monolingüismo persoal en castelán e da tolerancia bilingüe”. Por iso poden catalogarse como “bilingües pasivos”. Teñen un discurso que fala de que o galego ten futuro, independentemente do seu comportamento persoal, por mor dunha dinámica social en que se pode escoller a lingua sen presións nin condicionamentos.

O galego non parece ser un elemento clave da súa identidade persoal, nin semella ter forte pegada emotiva nela, pero ao tempo recoñéceno como sinal de iden-

tidade colectiva e móstranlle aprecio. En todo caso, negan a presión dos grupos de compañeiros para optar por un ou outro idioma.

Recoñéceselle á lingua galega un valor de identidade colectiva semellante ao catalán en Cataluña, pero sublíñase o distinto nivel de compromiso dos seus falantes e a carencia de figuras sociais que o dignifiquen. Esta identidade considérase, con todo, compatible coa española, o que xustifica que sintan o castelán tamén como propio.

Son sensibles á connotación social do uso das linguas e críticana. Censuran a asunción do castelán como signo de status e o repudio do galego por unha parte da poboación, lamentan a perda de falantes e admiten a existencia dun conflito. Tamén subscriben formalmente posturas a prol da normalización, pero estas mostras de solidariedade afectiva conviven co valor utilitario do castelán para a proxección persoal e mesmo cunha certa sensibilidade ao tópico da imposición do galego.

Recoñecen a visibilidade que lle outorga ao galego a súa presenza nos ámbitos formais (Administración, escola, etc.), pero son conscientes da distancia entre a situación legal do idioma galego e a realidade social. Outórganlle un papel clave á institución escolar na supervivencia da lingua, pero isto non impide que algúns se refiran ao “esfuerzo adicional” que supón o seu estudo, ou que asuman o argumento da inconveniencia de aprender contidos técnico-científicos en galego por ir en detrimento das capacidades correspondentes en castelán.

Consideran que a súa aprendizaxe escolar do galego lles forneceu claves intelectuais para aprecialo e competencia para utilizalo. Os e as participantes bilingües que viven en ambientes vilegos teñen consideracións pouco positivas sobre o seu galego, ao que se refiren como “incorrecto”, apoiándose en que está “afastado do estándar”.

No tocante aos seus hábitos culturais e ás linguas en que se manexan, non se aprecian diferenzas substanciais cos/coas falantes do rural. No grupo de Viveiro, os debuxos animados e algunhas series infantís da TVG supoñen unha referencia do consumo de televisión na infancia que se evoca como significativa e positiva, pero que se esvaeceu co paso dos anos.

Finalmente, o seu compromiso coa transmisión do galego aos seus descendentes é unha proxección das súas actitudes actuais e significa unha visión estática da situación sociolingüística e da súa evolución. Transmiten un desexo de que os

seus fillos e fillas falen as dúas linguas, pero cun escaso compromiso con esa transmisión.

2.3. Discurso do monolingüismo persoal en castelán e da tolerancia bilingüe

Correspóndese coas catro participantes femininas do grupo de Vigo, que son nas que recae principalmente a súa enunciación, aínda que unha moza e un mozo de Viveiro tamén participan nel de xeito máis moderado. É, pois, un discurso eminentemente urbano.

Como xa se sinalou no apartado anterior, ten uns límites difusos co discurso do bilingüismo utilitario, en particular coa súa versión pasiva, na medida en que se constrúe con argumentos que remiten a unha convivencia tolerante entre as dúas linguas que consideran compatible cunha opción persoal monolingüe en castelán. As súas ideas e actitudes sobre a situación sociolingüística e sobre as perspectivas do galego foxen do conflito e sitúanse entre a asepsia e un optimismo pouco fundamentado.

É un discurso propio de monolingües en castelán dun medio urbano ou de vila, que desenvolveron toda a súa socialización nese medio. A súa vida cotiá e a que albiscan nas súas expectativas defínese polo uso do castelán.

Son individuos que teñen o castelán como lingua inicial ou, en menor medida, bilingües con predominio dese idioma. Excepcionalmente pode haber unha contorna familiar galegofalante na que semella integrarse sen tensión o propio comportamento. O medio social percíbese con presenza das dúas linguas, con predominio claro do castelán nas cidades e algo menos nas vilas. Polo tanto, con carácter xeral, accederon ao coñecemento e uso do galego no medio escolar.

Negan un afán de distinción social por medio da lingua, aínda que non entran nunha reflexión aberta ao respecto. Entenden que non existe conflito sociolingüístico e si plena liberdade de elección; a súa é, con total consciencia, o uso do castelán.

Coinciden co discurso da identidade afectiva e co discurso do bilingüismo en que a identidade galega é inclusiva na española. O galego non é un elemento da súa identidade persoal e asóciano coas persoas maiores, co mundo rural e parcialmente co das vilas. Con todo, atribúenlle un valor de identidade colectiva da que se senten

vagamente partícipes, polo que comparten a vivencia negativa de certos tópicos e prexuízos, en especial dos relacionados co acento.

En converxencia co discurso do bilingüismo pasivo, coidan que as actitudes normalizadoras fan parte dunha opción política nacionalista que se contrapón ao sentimento maioritario da sociedade galega. Sobre todo no mundo urbano, asumen o tópico da imposición do galego que dá lugar a unha normalización forzada sen resultados reais. Entenden que só afecta á vida administrativa e docente e que violenta o predominio do castelán, que eles entenden e lexitiman como proxección da súa propia actitude persoal.

En coherencia co anterior, amósanse moi sensibles ao descoñecemento do galego para quen vén de fóra, e defenden o argumento da cortesía que tamén aparecía nos dous discursos antes caracterizados. A eventualidade de falar galego, que non descartan en circunstancias singulares, fórmulana de xeito condescendente. En último termo, coidan que o castelán é a lingua común e, por iso, a única de coñecemento e uso esixibles.

Asumen no nivel declarativo a responsabilidade da institución escolar na continuidade do uso do galego e mesmo denuncian falta de compromiso coa lingua nos centros de titularidade privada, pero remítense ao castelán como lingua do saber e do coñecemento e consideran inconveniente aprender contidos técnico-científicos en galego.

Entenden que a formación escolar lles proporcionou competencia falada e escrita en galego. Por contraste, salvando os usos dos medios públicos en galego, coidan que o uso desta lingua mostra unha calidade baixa por mor da dialectalización e da castelanización. Así e todo, recoñécena como lingua de cultura, de creación literaria en particular, e nese terreo específico valoran positivamente ter capacidade para acceder a ela directamente sen a mediación dunha tradución.

No consumo cultural estes suxeitos diferéncianse por unha maior utilización de dispositivos electrónicos para a lectura e un maior cosmopolitismo, que se manifesta, como novidade, no acceso a contidos en inglés. No que se refire a produtos culturais en galego, alúdese á música, pero sen especial estima.

En coherencia con todos os compoñentes discursivos sinalados, optan polo castelán como a lingua inicial para os seus descendentes.

2.4. Discurso normalizador do galego

Representan este discurso dúas mozas e dous mozos de Viveiro que, nalgúns trazos, se atopan preto da sensibilidade do “bilingüismo utilitario” e, noutros, mostran unha converxencia cos/coas falantes da “identidade afectiva”. Dous mozos de Vigo sustentan tamén o discurso “normalizador do galego” nunha versión máis militante. De calquera xeito, a diferenza entre “normalizador do galego” e “normalizador militante do galego” non é tanto de raíz e estrutura de discurso como de intensidade emotiva e dialéctica na súa expresión. Todos e todas asumen a complexidade da situación sociolingüística e derivan dela, aínda que con matices, a necesidade de compromiso coa lingua galega.

É un discurso propio de monolingües en galego, dun medio vilego ou urbano e cun status socioeconómico medio. Trátase dun discurso preelaborado, en canto que os seus argumentos estaban xa perfilados.

As situacións verbo da lingua familiar son diversas, aínda que parece que o característico é unha socialización primaria bilingüe. Viven con maior ou menor consciencia e expresividade, segundo as dúas variantes que se sinalaron, o galego como un elemento da súa identidade persoal, manifestando en bastantes casos unha emotividade forte ao respecto.

Tamén asocian a lingua galega cunha identidade colectiva, o que os leva a facer unha reflexión crítica sobre a perda de falantes e o abandono do galego por unha parte da poboación. Interpretan de maneira crítica a distribución social e xeográfica do galego e do castelán, así como a asociación entre linguas e falantes que leva implícita.

Negan que exista unha liberdade efectiva e informada para elixir un idioma ou outro como lingua de instalación, manifestando a existencia dun conflito. Rexeitan e cuestionan o tópico da imposición do galego, o argumento da cortesía e a esixencia única do castelán. Móstranse sensibles ao cosmopolitismo, pero negan que isto implique un uso exclusivo do castelán ou que esa socialización non poida integrar a lingua galega e a identidade do país.

Malia seren conscientes das súas contradicións e insuficiencias, xulgan imprescindible o papel normalizador da institución escolar, que consideran que lles proporcionou competencia e referencias intelectuais para apreciar o galego na lectura e na escritura. En todo caso, no medio vilego comparten coas persoas bilingües a

percepción de que o seu galego non é de boa calidade, mentres que no medio urbano non se pronuncian ao respecto.

Valoran a cultura en lingua galega e o galego como medio de acceder a produtos non orixinalmente creados nel. No tocante a hábitos de consumo cultural, a diferenza principal con outros subconxuntos remítese a que empregan o galego como forma de comunicación escrita en soportes electrónicos.

Con plena coherencia coas ideas que desenvolven nos seus discursos, optan polo galego como lingua de transmisión primaria para os seus descendentes.

2.5. Discurso monolingüe intolerante en castelán

Xunto con estes discursos que se atoparon ben definidos e delimitados, cómpre referirse e deixar constancia da singularidade dunha expresión que non chega a conformarse como discurso, pero que describe un tipo particular de actitudes. No grupo de Viveiro apareceu un caso que se opta por denominar como “monolingüe intolerante en castelán”.

Trátase dunha moza cun medio familiar bilingüe de predominio castelán. O pai fala galego mentres a nai, que é de fóra, marca o predominio. En termos xerais, comparte o discurso do “bilingüismo utilitario”, pero expón conclusións ben distintas sobre a súa opción persoal. Así, de forma pouco razoada e impulsiva, expresa desafecto polo galego. Trátase dunha actitude radical, negativa e pouco elaborada perante a súa transmisión escolar e a eventual esixencia nun contexto de cooficialidade.

Non manifesta ningún vínculo emotivo positivo co idioma. Só o fai moi indirectamente cando se une ao resto do seu grupo para lamentar a perda de falantes. Xustifica a súa desafección pola condición do galego como lingua de cultura, coas esixencias que iso implica para a súa aprendizaxe, e dá por feito a inutilidade do galego no mundo contemporáneo. Exprésase deliberadamente fronte á lingua como abstracto e non fronte aos e ás falantes.

A singularidade desta manifestación caracterízase porque é indicio da presenza minoritaria na mocidade dunha actitude recoñecible na sociedade.

3. A PRESENZA DO GALEGO NA MOCIDADE. RESULTADOS DUNHA ENQUISA


Neste capítulo ofrécense os resultados relacionados co uso do galego en diferentes ámbitos a partir da explotación da enquisa que se deseñou especificamente para este estudo. Seguindo a estrutura do cuestionario administrado (dispoñible nos anexos), recóllense os datos referidos á presenza do galego na escola e para aqueles que traballan ou traballaron, o uso do galego no ámbito laboral. Tamén se analizan os usos lingüísticos en actividades educativas de carácter extraescolar e no tempo de lecer. Os últimos apartados recollen as estratexias de acomodación lingüística, así como a exposición ao galego en diferentes ámbitos.

3.1. Os usos lingüísticos no medio académico

Para indagar sobre a presenza do galego na escola abordáronse os usos lingüísticos co profesorado e cos compañeiros e compañeiras. Ademais, tamén foi obxecto de análise a lingua en que se impartiu a docencia durante a escolarización.

Os resultados indican que a metade dos/das informantes optan polo bilingüismo na súa relación co profesorado (cunha lixeira tendencia ao bilingüismo dominante en castelán) e, da outra metade, unha parte só usa o galego e outra parte idéntica só usa o castelán.


Linguas nas relacións co profesorado nas clases



Fíxose unha análise de regresión loxística binaria e reducíronse a dous os catro valores da variable dependente (galego e castelán) para determinar cales categorías das variables independentes están asociadas co predominio dunha ou doutra lingua. As variables utilizadas foron o sexo, a idade, a lingua inicial, a lingua habitual, o hábitat de residencia, o nivel de estudos rematados e o status socioeconómico. Os resultados amosan que esta variable está asociada principalmente á lingua que fala habitualmente o alumnado, á lingua en que aprendeu a falar e ao hábitat de residencia.

Entre os/as discentes que aprenderon galego na casa hai unha maior tendencia a falar galego co profesorado e entre os/as que aprenderon castelán hai tamén unha maior tendencia a falar castelán cos/coas docentes. Polo contrario, entre os/as bilingües iniciais, a tendencia non é equilibrada, senón que máis ben tenden a falar castelán co profesorado.

Linguas nas relacións co profesorado segundo a lingua inicial



A lingua habitual está asociada dunha maneira similar. Os datos amosan que os rapaces e rapazas galegofalantes se relacionan en maior medida en galego co


profesorado. Resulta destacable o elevado uso do castelán con aquel (sen contar co de lingua galega) entre os/as falantes de “máis castelán” e “castelán”.

Linguas nas relacións co profesorado segundo a lingua habitual

Lingua co profesorado			
Galego	Castelán		
86,8%	13,2%	Só galego	Lingua habitual
64,7%	35,3%	Máis galego ca castelán	
29,8%	70,2%	Máis castelán ca galego	
16,3%	83,7%	Só castelán	
46,4%	53,6%	Total	


En canto ao hábitat de residencia, o alumnado de zonas menos poboadas (ZPP) é o que máis fala galego co seu profesorado.

Linguas nas relacións co profesorado segundo o hábitat



O comportamento coas compañeiras e compañeiros, tal como recolle o seguinte gráfico, é máis contrastado, por ser maior o peso monolingüe en castelán, case un 4% fronte ao 28% do monolingüe en galego. Experimentan un retroceso os/as bilingües, maior nos de predominio do galego e algo máis discreto nos/nas bilingües con predominio do castelán.

Linguas nas relacións cos/as compañeiros/as



Realizouse a mesma análise para determinar que variables están asociadas a este comportamento. Nesta ocasión, detectouse que inflúen no comportamento a lingua habitual, o hábitat e a idade.


Existe unha gran coincidencia entre a lingua habitual e a lingua cos/coas compañeiros/as, pero hai unha pequena tendencia a que se incorpore algo máis o castelán entre os/as galegofalantes que ao revés.

Linguas nas relacións cos/as compañeiros/as segundo a lingua habitual

		Lingua cos compañeiros/as	
		Castelán	Galego
Lingua habitual	Só galego	4,6%	95,4%
	Máis galego ca castelán	28,6%	71,4%
	Máis castelán ca galego	88,8%	11,2%
	Só castelán	96,9%	3,1%
Total		59,9%	40,1%


O uso do galego entre compañeiros/as é moito máis frecuente nas zonas pouco poboadas. Con todo, a súa utilización descende nas zonas intermedias e nas densamente poboadas.

Linguas nas relacións cos/as compañeiros/as segundo o hábitat de residencia



A última variable que amosou diferenzas significativas indica que o alumnado incorpora o galego entre compañeiros/as coa idade, dado que é maior o uso de galego no grupo de idade que vai de 20 a 24 anos que no de 15 a 19.

Linguas nas relacións cos/as compañeiros/as segundo a idade




En resumo, pódese dicir que a relación co profesorado no medio escolar recolle un uso e unha presenza maior do galego do que se derivaría das relacións cos compañeiros/as.

Na enquisa tamén se facía unha pregunta sobre a lingua recibida nas clases. Presentada nunha escala de puntuación do 0 ao 10, no que o valor '0' se corresponde coa totalidade das clases recibidas en castelán e '10' coas recibidas en galego, resultou unha media de 5,1.

Realizouse unha análise da varianza multifactorial na que se comproba que a única variable que afecta a percepción da lingua recibida nas clases é a lingua habitual.

Percepción da lingua en que se recibiron as clases segundo a lingua habitual




Segundo os resultados, o alumnado percibe que ten máis clases en galego se son falantes habituais de galego e menos se son falantes habituais de castelán. Os/as bilingües perciben que reciben as clases cunha presenza equilibrada das dúas linguas.

3.2. Os usos lingüísticos nas actividades extraescolares e no tempo de lecer


Este bloque do cuestionario toma como referencia as actividades complementarias aos estudos e as de lecer. Recolléronse as distribucións por usos lingüísticos que se reflicten nas seguintes gráficas.

Linguas nas clases de reforzo




Un 62% da mocidade enquisada acode a clases de reforzo. Estas aparecen caracterizadas por un comportamento monolingüe e por un predominio do castelán. Un 3% do alumnado que asiste a clases de reforzo recíbeas en galego.

Linguas nas clases de actividades artísticas




A clase de música, danza, debuxo ou teatro asisten un 64% dos mozos e mozas. Neste caso a presenza do galego é un pouco maior ca no caso anterior, un 33,6%.

Linguas nas actividades deportivas



Un 83% da mocidade realiza actividades deportivas. Practicamente a metade usa o castelán de maneira exclusiva neste ámbito.

Linguas no tempo de lecer



Cando se lles pregunta pola lingua en que se expresan no tempo de lecer, as porcentaxes repártense dun xeito máis equilibrado, pero cunha pequena vantaxe do castelán.

Realizouse unha análise da regresión ordinal para ver que variables influían nestes usos lingüísticos e resultaron ser a lingua habitual en todos eles e a lingua inicial unicamente nun ámbito.

Como se acaba de afirmar, a lingua habitual está relacionada con todas as actividades polas que se lles preguntou ás persoas participantes na enquisa neste bloque do cuestionario. Na táboa de abaixo obsérvase, en primeiro lugar, como os/as monolingües en galego ou castelán reciben maioritariamente as clases de reforzo nesa mesma lingua. Hai que destacar, non obstante, que un 1% dos/das monolingües en galego reciben esas clases en castelán. Os/as bilingües reciben as clases segundo o seu predominio sexa en galego ou castelán. Isto é máis certo para os/as bilingües con predominio do castelán. Algo similar ocorre coas actividades deportivas. No caso das actividades artísticas sae algo máis favorecido o galego; por exemplo, un 12% dos/das monolingües en castelán recibe clases deste tipo en galego.

Linguas nas actividades extraescolares e no tempo de lecer segundo a lingua habitual


		Lingua habitual			
		Só gal.	Máis gal. ca cast.	Máis cast. ca gal.	Só cast.
Clases de reforzo	Só gal.	77,5%	37,3%	7,7%	2,5%
	Máis gal. ca cast.	8,5%	26,5%	5,1%	1,7%
	Máis cast. ca gal.	3,9%	14,5%	17,3%	8,4%
	Só cast.	10,1%	21,7%	69,9%	87,4%
Act. artísticas	Só gal.	80,5%	42,9%	12,1%	12,4%
	Máis gal. ca cast.	4,9%	26%	12,1%	4,1%
	Máis cast. ca gal.	7,3%	14,3%	18,1%	9,1%
	Só cast.	7,3%	16,9%	57,7%	74,4%

Act. deportivas	Só gal.	80,0%	42,5%	5,2%	5,3%
	Máis gal. ca cast.	12,9%	18,9%	7,4%	3,6%
	Máis cast.ca gal.	3,9%	19,8%	22,6%	4,1%
	Só cast.	3,2%	18,9%	64,8%	87,0%
Tempo de lecer	Só gal.	92,3%	48,9%	4,1%	1,5%
	Máis gal. ca cast.	6,1%	36,6%	5,9%	3,6%
	Máis cast.ca gal.	1,0%	9,9%	40,4%	11,7%
	Só cast.	0,5%	4,6%	49,6%	83,2%

En canto ao tempo de lecer, como era de esperar, e do mesmo xeito que sucede nas actividades extraescolares, a lingua utilizada coincide en gran medida coa lingua habitual dos mozos e mozas.

A lingua inicial, en cambio, redúcese unicamente a un ámbito e está relacionada só coa lingua que usa a mocidade no tempo de lecer.

Linguas no tempo de lecer segundo a lingua inicial




Como se pode observar na gráfica anterior, existe unha gran relación entre ter o galego como lingua materna e usalo no tempo de lecer. Os/as bilingües iniciais e os/as falantes iniciais de castelán incorporan en maior medida o castelán no seu tempo de lecer.

3.3. Os usos lingüísticos no medio laboral

O estudo dos usos lingüísticos no medio laboral realizouse sobre unha submostra de 243 persoas, que son as que traballan ou traballaron algunha vez. Utilizáronse as preguntas 18, 19, 20, 21 e 22 do cuestionario. As dúas primeiras tratan sobre o uso de linguas nas entrevistas de traballo e na redacción do currículo. As tres últimas sobre a lingua no lugar de traballo (compañeiros/as, clientes/as e xefes/as).


O gráfico seguinte amosa que un 43,2% empregou preferentemente o castelán nas súas entrevistas de traballo, fronte a un 32,9% que o fixo en galego. O 17% mencionan as dúas linguas, a pesar de que esa opción non se citaba expresamente no cuestionario.

Linguas nas entrevistas de traballo



En relación coa redacción do currículo, como se ve no seguinte gráfico, un 67,1% utiliza o castelán como idioma preferente e non chegan ao 2% as persoas que o realizan en galego.

Linguas na redacción do currículo



Fíxose unha regresión loxística binaria con cada unha das dúas primeiras preguntas. Para isto houbo que utilizar unicamente as dúas respostas maioritarias (galego e castelán). Os resultados indican que a lingua habitual está relacionada tanto coas entrevistas de traballo como coa redacción do currículo. O hábitat de residencia tamén engade algún matiz, pero de maneira menos evidente. En calquera caso, o escaso número de individuos que traballan ou traballaron fai que haxa que tomar con cautela estes resultados.


Linguas na redacción do currículo e na entrevista de traballo segundo a lingua habitual

		Só galego	Máis gal. ca cast.	Máis cast. ca gal.	Só castelán
Ir a entrevistas de traballo	Galego	90,0%	61,3%	11,1%	2,5%
	Castelán	10,0%	38,7%	88,9%	97,5%
Redactar o currículo	Galego	39,1%	38,5%	9,7%	2,2%
	Castelán	60,9%	61,5%	90,3%	97,8%

A lingua habitual inflúe dunha maneira máis evidente na lingua das entrevistas de traballo ca na lingua do currículo. No primeiro caso, a entrevista de traballo semella que se desenvolve na lingua do/da entrevistado/a. No segundo caso, todas as opcións redactan o seu currículo en castelán de maneira maioritaria, pero en menor proporción entre os/as falantes de galego, tal e como se pode apreciar na táboa de arriba.

Investigáronse outros tres comportamentos segundo se trate de falar con compañeiros e compañeiras de traballo, clientes/as e superiores xerárquicos na empresa. En primeiro lugar, na relación entre compañeiros/as, tal e como reflicte o gráfico seguinte, constátase un comportamento que se reparte de xeito igual entre o galego e o castelán, a pesar de que a opción preferida sexa a de “só galego”. No trato laboral coa clientela hai unha maior utilización de ambas as dúas linguas. No ámbito das relacións cos xefes e xefas, hai unha distribución en que o monolingüismo en galego e castelán se perfila como dominante sobre as opcións intermedias.

Linguas na relación cos/as compañeiros/as de traballo, xefes/as e clientes/as



Os cruzamentos coas variables independentes para estas tres preguntas determináronse polo resultado dunha análise de regresión loxística binaria. Como son poucos os mozos e mozas da mostra que traballan ou traballaron, para realizar esta análise codificouse de novo a resposta en dúas opcións (galego e castelán).


A variable con máis poder predictivo para a lingua cos/coas compañeiros/as é, unha vez máis, a lingua habitual. En menor medida e por esta orde figuran o sexo e o hábitat. A primeira delas está asociada do xeito que se podería esperar. A segunda indica que as mulleres falan en maior medida castelán cos/coas compañeiros/as no traballo. A terceira indica un maior uso do galego cos/coas compañeiros/as no ámbito rural.

Linguas na relación cos/as compañeiros/as de traballo segundo a lingua habitual, o sexo e o hábitat

		Galego	Castelán
Lingua habitual	Só galego	95,8%	4,2%
	Máis galego ca castelán	71,4%	28,6%
	Máis castelán ca galego	22,7%	77,3%
Sexo	Só castelán	8,5%	91,5%
	Home	62,4%	37,6%
	Muller	39,2%	60,8%
Hábitat de residencia	ZDP	26,4%	73,6%
	ZIP	42,4%	57,6%
	ZPP	79,8%	20,2%

A lingua utilizada coa clientela está asociada á lingua habitual e ao hábitat. A influencia da variable é moi similar ao caso anterior. A lingua cos xefes/as só se asocia á lingua habitual, é dicir, os/as falantes de galego falan máis ben en galego cos xefes e xefas, e os/as falantes de castelán falan máis ben castelán.

Linguas na relación cos xefes/as segundo a lingua habitual



3.4. A acomodación lingüística

A acomodación lingüística fai referencia ao fenómeno segundo o cal as persoas se adaptan ou non á lingua do/da interlocutor/a. No cuestionario presentóuselles ás mozas e mozos entrevistados unha serie de preguntas sobre a súa reacción a enunciados en castelán ou galego e a lingua que empregan normalmente para responder.

Comezando pola reacción perante emisións orais en galego recibidas dunha segunda persoa, a resposta sería en galego por parte do 83% das persoas entrevistadas. Esa proporción sobe a un 89% cando se trata de tomar apuntamentos en reunións de traballo ou nas clases, onde quen as dirixe ou imparte usa o galego, pero é dun 81% se se trata de contestar mensaxes electrónicas.

De igual xeito, indagáronse as reaccións ás mesmas emisións no suposto de que fosen en castelán. De entrada, o comportamento perante os enunciados orais

pódese caracterizar como un reflexo do recollido no parágrafo anterior: un 78% da mocidade galega contestaríalle en castelán a quen se dirixise a eles ou elas nesa lingua. Hai unha lixeira diferenza no que ten que ver coa toma de apuntamentos, xa que aquí un 15% di que escribiría en galego fronte a un 9% que o faría en castelán na situación inversa. Un 77% respondería en castelán a unha mensaxe electrónica nesa lingua, fronte a case un 19% que o faría en galego.

No cuestionario tamén se recollía a opción “indistintamente”, pero non se lles lía aos/ás informantes. Con todo, esa opción foi a escollida espontaneamente por entre un 1,5% e un 4,9% segundo a situación.


Acomodación lingüística segundo as linguas e os ámbitos

	Galego	Castelán	Indistintamente
Responder cando me falan en galego	82,5%	12,6%	4,9%
Tomar apuntamentos/notas (galego)	89,5%	8,6%	1,9%
Responder a unha mensaxe en galego	81,8%	14,4%	3,8%
Responder cando me falan en castelán	17,4%	78,4%	4,3%
Tomar apuntamentos/notas (castelán)	15,3%	83,3%	1,5%
Responder a unha mensaxe en castelán	18,7%	77,0%	4,3%

Fíxose unha análise de medidas repetidas onde se trataron as linguas coma un factor intrasuxeitos con dúas opcións (obviando a resposta neutral), os ámbitos coma outro factor intrasuxeitos de tres opcións e introducíronse as variables independentes que se usaron ao longo deste traballo.


Esta análise indica, en primeiro lugar, que pese a que as diferenzas entre as dúas linguas son pequenas, estas son estatisticamente significativas. Ademais, a acomodación dáse con máis frecuencia cara ao galego que cara ao castelán, é dicir, son máis os rapaces e rapazas que se adaptan ao seu interlocutor se lles fala galego que ao revés. Concretamente, se se toman todos os ámbitos en conxunto, case un 85% da mocidade responde en galego a emisións en galego, fronte a un 79% que reacciona en castelán a estímulos nesta lingua.

Acomodación lingüística segundo a lingua do emisor



A interacción entre linguas e ámbitos tamén resultou significativa. Isto pode interpretarse como que a mocidade responde de forma diferente nunha ou noutra lingua, segundo cal das tres situacións se escolla (responder cando me falan, tomar apuntamentos, responder a unha mensaxe). Tal e como se pode ver na gráfica inferior, hai unha distancia importante entre a lingua que se usa para tomar apuntamentos, segundo sexa en galego ou castelán, que diminúe cando se responde oralmente ou a unha mensaxe electrónica. Isto significa que se ben a tendencia a converxer co galego é, en xeral, maior que a converxer co castelán, no caso de tomar notas ou apuntamentos é mais acusada ca nas outras dúas situacións.

Acomodación lingüística segundo a lingua do/a emisor/a e o ámbito



A lingua habitual, como é esperable, tamén está asociada á lingua de resposta e mais aos ámbitos. Tal e como se pode ver na táboa de abaixo, os/as que non converxen son obviamente falantes da outra lingua. É interesante ver que, malia este feito, máis da metade dos/das monolingües en castelán declara responder en galego a alguén que lles fala nesa lingua ou lles manda unha mensaxe electrónica. No caso dos apuntamentos as diferenzas son importantes. Só un 2% dos/das monolingües en castelán tomarían notas en castelán se o/a que está falando o fai en galego, fronte ao 41,9% dos/das monolingües en galego que as tomaría en galego na situación oposta.

Acomodación lingüística segundo a lingua habitual

		Só galego	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	Só castelán
Responder cando me falan en galego	Galego	98,5%	99,3%	89,5%	59,3%
	Castelán	1,5%	0,7%	10,5%	40,7%
Tomar apuntamentos/notas (galego)	Galego	99,5%	95,5%	91,0%	80,0%
	Castelán	0,5%	4,5%	9,0%	20,0%
Responder a unha mensaxe electrónica en galego	Galego	98,0%	97,7%	86,0%	59,8%
	Castelán	2,0%	2,3%	14,0%	40,2%
Responder cando me falan en castelán	Galego	60,8%	19,7%	1,9%	1,5%
	Castelán	39,2%	80,3%	98,1%	98,5%
Tomar apuntamentos/notas (castelán)	Galego	41,9%	21,2%	4,1%	1,5%
	Castelán	58,1%	78,8%	95,9%	98,5%
Responder a unha mensaxe en castelán	Galego	63,5%	22,6%	2,6%	0,5%
	Castelán	36,5%	77,4%	97,4%	99,5%

A outra variable que amosou diferenzas coa interacción dos factores lingua e ámbito foi o sexo. A lingua de resposta, os ámbitos que se estudaron e o feito de ser mozo ou moza están relacionados de varias maneiras, pero o máis relevante é que as rapazas son un pouco menos proclives a converxer nunha conversa iniciada en galego. Tamén ocorre que os homes teñen un comportamento semellante


nos tres ámbitos, mentres que as mulleres converxen significativamente máis cando se trata de tomar apuntamentos ou notas ca nas outras dúas situacións polas que se lles pregunta.

3.5. A exposición ao galego

Neste apartado abórdase a exposición ao galego autoavaliada polos propios individuos, utilizando un modelo de resposta cunha escala do 0 ao 10, que se corresponde co nivel mínimo e máximo respectivamente. Esta mediuse en dous ámbitos: o primeiro refírese ao contacto con galegofalantes e o segundo céntrase na exposición ao galego en medios de comunicación e produtos culturais.

Como se observa no seguinte gráfico, o uso do galego é maior nas relacións familiares e de veciñanza, e baixa sobre todo nas relacións de parella e amizades.

Grao declarado de exposición ao galego por contacto con falantes en distintos ámbitos de convivencia




Realizouse unha análise da varianza en medidas repetidas e atopáronse diferenzas significativas entre todos os pares da relación. Isto quere dicir que os mozos e mozas teñen un grao de exposición diferente ao galego segundo o ámbito en que se atopen e que esas diferenzas non se deben ao azar, mesmo entre os ámbitos en que as medias están moi próximas.

Esa mesma análise permite determinar que as variables independentes que modulan as diferenzas sinaladas no grao de exposición ao galego son a lingua habitual e, en menor medida, o status socioeconómico. Nesta parte excluíronse as relacións de parella porque unha parte importante dos mozos e mozas non contestaron a esta pregunta.

A lingua habitual inflúe, como se pode esperar, con algúns efectos destacables, tal e como se ilustra no gráfico seguinte. Nos/nas falantes habituais de galego, este ten unha presenza importante nos ámbitos de familia, veciñanza e amizades, con puntuacións por riba de 9, pero descende de forma sensible nos estudos e no traballo. Pola contra, nos/nas falantes de castelán, o galego mantén certa presenza no centro de traballo ou de estudos así como na familia, aínda que é inferior a 5 e, ademais, moi escasa entre amizades. Entre os/as bilingües a situación difire en función da lingua predominante. Os/as bilingües con predominio do galego teñen relacións en galego en todos os ámbitos, pero reducen a presenza do galego no traballo/estudos. Os/as que teñen predominio do castelán semella que están algo expostos ao galego principalmente na familia e no lugar de traballo, con puntuacións de entre 5 e 6, pero moi pouco coas amizades.

Grao declarado de exposición ao galego en distintos ámbitos segundo a lingua habitual




O status socioeconómico inflúe dunha maneira menos evidente. Os suxeitos dos treitos baixos tenden a ter unha maior exposición ao galego e os dos altos, unha menor. En canto aos/ás interlocutores/as, apréciase que os estratos baixos teñen unha exposición menor no centro de traballo/estudos en referencia á exposición que teñen noutros ámbitos e nos treitos medios e altos pasa ao revés, teñen pouco exposición na familia, parella, etc., e sobe un pouco no traballo/estudos.

Grao declarado de exposición ao galego en distintos ámbitos segundo o status socioeconómico

	Baixo	Medio-Baixo	Medio-Medio	Medio-Alto	Alto
Familia	8,1	7,6	6,9	4,8	3,5
Veciñanza	8,2	7,3	6,5	4,8	4,5
Parella	6,6	5,8	4,8	2,9	1,7
Amizades	6,7	6	5,5	4,5	3
Estudos/traballo	7	6,4	6	5,1	4,6

O panorama xeral indica unha pobre exposición ao galego nos medios de comunicación desde a infancia ata o presente. Segundo se recolle no gráfico seguinte, tan só a radio, a televisión e os soportes escritos en papel chegan a unha media dun 5 (nunha escala de 0 a 10). Concertos e teatro sitúanse no 4,5 mentres que a presenza do galego na música, redes sociais e Internet apenas supera os 3 puntos.

Grao declarado de exposición ao galego en distintos medios de comunicación




Isto confirma a pequena presenza e significado do galego nos medios de comunicación e nas redes sociais, incluso entre os segmentos da mocidade que teñen maior contacto social con eles ou que os utilizan máis.

Realizouse de novo unha análise da varianza en medidas repetidas para dar conta das variables que inciden neste fenómeno e tamén como inflúen entre eles os diferentes ámbitos de exposición ao galego.

Atopáronse diferenzas significativas entre todos os pares agás entre os programas de radio e televisión e os libros, xornais e revistas. Isto quere dicir que a presenza de galego neses ámbitos é diferente para os suxeitos do estudo, menos neses dous casos, que, por outra banda, puntúan igual.

A lingua habitual incide da seguinte maneira: os/as monolingües en castelán teñen unha exposición inferior ao galego en todos os medios. Os/as bilingües e os/as monolingües en galego teñen unha exposición similar entre eles.

Grao declarado de exposición a medios en galego segundo a lingua habitual




A lingua inicial inflúe dunha maneira parecida. Os/as que aprenderon a falar en castelán puntúan máis baixo na exposición a medios en galego e os/as bilingües e falantes iniciais de galego máis alto. Con todo, entre estas dúas últimas opcións hai diferenzas nalgúns casos, por exemplo no grao de exposición ao galego nas redes sociais e Internet, que é menor nos/nas bilingües.

Grao declarado de exposición a medios en galego segundo a lingua inicial

	Galego	Castelán	As dúas
Radio e televisión	5,3	4,3	5,6
Música	3,7	2,5	3,4
Libros, xornais e revistas	5,5	4,5	5
Concertos e teatro	5,1	3,8	4,6
Redes sociais, Internet	4,5	2,7	3,4

A idade incide só nalgún dos medios. Os/as máis novos/as estiveron menos expostos/as ao galego na televisión, radio, música, redes sociais e Internet.

Grao declarado de exposición a medios en galego segundo a idade



O status socioeconómico inflúe na exposición á TV e á radio en galego, de maneira que os mozos e mozas do corte medio-alto son os que puntúan máis baixo. En canto á música, serían os do status máis baixo os que se diferencian ao puntuar máis alto. Tamén terían unha exposición menor a Internet en galego os estratos altos da variable.

Grao declarado de exposición a medios en galego segundo o status socioeconómico

	Baixo	Medio-Baixo	Medio-Medio	Medio-Alto	Alto
Radio e TV	5,3	5,1	5	4,1	4,5
Música	3,9	3,1	3	2,7	2,5
Libros, xornais e revistas	5,4	4,7	5,1	5	4,1
Concertos e teatro	4,4	4,5	4,6	4,2	3,9
Redes sociais, Internet	3,9	3,9	3,5	2,8	2,3

4. OPINIÓNS, ACTITUDES E DISPOSICIÓN A FALAR MÁIS GALEGO

Este capítulo recolle os resultados da investigación que proveñen da segunda parte do cuestionario. Seguindo a súa estrutura, ofrécense datos sobre a auto-confianza lingüística, a percepción da existencia de discriminación segundo a lingua, as actitudes lingüísticas, o sentimento de identidade, a predisposición a usar as linguas en determinadas circunstancias e a disposición a usar máis o galego.

4.1. A auto-confianza lingüística


Neste apartado analízase a manifestación de confianza que a mocidade atribúe a si mesma cando se trata de falar galego e/ou castelán. Esta auto-confianza mediuse a partir do grao de acordo ou desacordo cun conxunto de enunciados emparellados, primeiro expresados sobre o galego e despois sobre o castelán. Para cada un estableceuse unha escala de cinco posicións que van do acordo total ao desacordo total.

As preguntas que serviron para realizar esta análise son as que comprenden da 55 á 64 do cuestionario. Os enunciados foron posteriormente etiquetados para facilitar a análise. O primeiro chamouse “competencia oral”, aínda que se entende como expresión de confianza en posuír tal competencia. En idénticos termos e polas mesmas razóns aludirase como “competencia escrita” ao segundo. O terceiro reflicte que o rigor e calidade no emprego dunha lingua debería corresponderse cun uso fluído e natural, polo que se etiquetou como “naturalidade oral”. O cuarto etiquetouse como “autonomía”, no sentido de non usar como patrón de referencia a outra lingua. Para o último, enténdese que o emprego dunha lingua nunha entrevista de traballo debería corresponderse cun uso fluído e natural, polo que se etiquetou como “seguridade”.

A primeira evidencia é que, de acordo coas medias expostas na seguinte gráfica, os mozos e mozas teñen unha confianza alta en competencia oral e escrita, autonomía e seguridade, con valores ademais próximos entre si. En contraste,

obtivoise unha nota máis discreta no que se sintetizou convencionalmente como naturalidade oral. Os resultados son semellantes nas dúas linguas, con pequenas diferenzas. Estes datos difiren do que algúns mozos e mozas manifestaban na investigación cualitativa.

Grao declarado de confianza en distintas dimensións segundo a lingua



Realizouse unha análise de varianza en medidas repetidas para observar a relación entre as linguas, os diferentes enunciados que comprenden a confianza lingüística e o resto de variables independentes que vimos usando para todas as análises (sexo, idade, lingua habitual, lingua inicial, estudos, status socioeconómico e hábitat de residencia).


As puntuacións nas diversas dimensións tenden a ser lixeiramente máis altas en castelán ca en galego, con diferenza significativa nas tres primeiras dimensións. Isto quere dicir que os mozos e mozas teñen máis confianza en castelán que en galego en competencia oral e escrita e naturalidade, pero non en autonomía e seguridade, pois a pequena diferenza que se amosa no gráfico non é estatisticamente significativa.

Entre as dimensións da auto-confianza tamén hai diferenzas, principalmente entre a naturalidade oral, que puntúa significativamente máis baixo, e o resto.

Outro achado interesante é que tamén hai unha diferenza na ordenación destas dimensións da auto-confianza: a primeira para o galego é a competencia oral, mentres que a primeira para o castelán é a competencia escrita.

En canto ás variables independentes, a lingua habitual incide na confianza, de maneira que os que falan galego se senten máis confiados nesa lingua que no castelán. Aos que falan castelán pásalles o mesmo coa súa lingua habitual, incluso dunha maneira máis acentuada. En xeral, a confianza en galego descende canto menos galego falan os mozos e mozas. A continuación pódese ver este fenómeno de forma gráfica. Para facilitar a visualización fundíronse as cinco dimensións da auto-confianza nunha única dimensión xeral. Un achado importante procede da comparación entre os que falan máis galego ca castelán e os que falan máis castelán ca galego: os primeiros mostran unha confianza máis semellante entre as dúas linguas ca os segundos.

Grao declarado de confianza segundo a lingua habitual




Algo similar ocorre coa lingua inicial, que favorece a confianza na lingua en que se aprendeu a falar na infancia. Os/as bilingües teñen unha confianza un pouco maior en castelán, pero son os/as que teñen as puntuacións menos separadas.

Grao declarado de confianza segundo a lingua inicial

	Galego	As dúas	Castelán
Auto-confianza en galego	4,1	3,8	3,5
Auto-confianza en castelán	3,6	4,1	4,3

As persoas cun nivel de estudos máis elevado melloran a confianza nas dúas linguas. Ademais, a distancia entre as dúas linguas aumenta nas que teñen menos estudos.

Grao declarado de confianza segundo o nivel de estudos



A mocidade cun status socioeconómico máis elevado mellora a confianza en castelán. Ao mesmo tempo, conforme se ascenden treitos na escala, empeora a confianza en galego.

Grao declarado de confianza segundo o status socioeconómico


	Baixo	Medio-Baixo	Medio-Medio	Medio-Alto	Alto
Auto-confianza en galego	3,9	3,8	3,8	3,7	3,4
Auto-confianza en castelán	3,7	3,9	4	4,3	4,3

O resto de variables independentes non amosaron diferenzas significativas.

4.2. A percepción da discriminación

Para a análise da percepción dunha discriminación dos e das falantes en galego con relación aos do castelán, utilizáronse as cuestións 65 (‘preferencia utilitaria polo castelán para as entrevistas de traballo’) e 66 (‘preferencia utilitaria polo castelán para mocear’). Utilizando unha escala de 1 a 5, e entendendo que os valores da media canto máis próximos a 5 supoñen unha maior preferencia polo castelán e, como consecuencia, unha maior discriminación dos e das galegofalantes, obtéñense os seguintes resultados.

Grao declarado de preferencia utilitaria polo castelán para as entrevistas de traballo e para mocear




En xeral, a mocidade está lixeiramente en desacordo con que sexa preferible o uso do castelán nestes dous ámbitos, pero moi próximos ao medio da escala que indica indiferenza.

Aplicouse o modelo lineal xeral como análise para determinar que variables independentes se atopan asociadas a estas dúas preguntas.

En primeiro lugar, obsérvase que hai influencia do sexo no referente ao uso do castelán para mocear. Elas están un pouco máis en desacordo (2,5) que eles (2,7).

En segundo lugar, a idade tamén afecta o grao de acordo con esta segunda pregunta. Os/as maiores están máis en desacordo que os/as novos/as en que sexa preferible usar o castelán para mocear.

Grao declarado de preferencia utilitaria polo castelán para mocear segundo a idade




En terceiro lugar, a lingua habitual incide na resposta das dúas preguntas. Como se pode apreciar na táboa inferior, os/as falantes de castelán e os/as bilingües con predominio desta lingua atópanse máis preto da indiferenza ante estas afirmacións, mentres que os/as falantes de galego están en desacordo con que sexa preferible o castelán para mocear e para as entrevistas de traballo.

Grao declarado de preferencia utilitaria polo castelán para as entrevistas de traballo e para mocear segundo a lingua habitual

	Só galego	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	Só castelán
Entrevista de traballo	2	2,2	2,5	3
Mocear	1,9	2,1	2,9	3,2

Por último, o hábitat de residencia afecta tamén a afirmación sobre o uso do castelán para mocear, de xeito que as áreas densamente poboadas e as intermedias se moven máis preto do sentimento de non estar de acordo nin en desacordo, mentres que as zonas pouco poboadas se amosan máis en desacordo.

Grao declarado de preferencia utilitaria polo castelán para mocear segundo o hábitat de residencia



4.3. Actitudes lingüísticas

A investigación das actitudes lingüísticas parte da información obtida do bloque de preguntas comprendidas entre a 67 e a 86 do cuestionario. Este bloque desdóbrase en dúas series non literalmente equivalentes entre si, con dez variables cada unha, que toman como referencia o galego e o castelán. Indágase o grao de asentimento ou rexeitamento manifesto a unhas proposicións, nun nivel de acordo que se expresa nunha escala de 0 a 10, na que o 0 supón o máximo desacordo e o 10 o máximo asentimento.

As proposicións do cuestionario inclúen valoracións de índole emotiva, estética e utilitaria sobre ambas as dúas linguas, con xuízos sobre o recoñecemento social que merecerían e posibles expresións formais ou de compromiso nese sentido.

De acordo cos valores medios das respostas, procederase a clasificar as actitudes segundo a intensidade do asentimento.

Ten un nivel de acordo moi alto, unha media de 9, a afirmación de que o galego non ten unha sonoridade desagradable, a aceptación de que debe ser lingua de estudo para todos os nenos e nenas escolarizados en Galicia e a de que, polo feito de vivir aquí, é razoable coñecelo, estudalo e falalo.

Un segundo conxunto de proposicións defínese por un grao de acordo alto, cunha media de 8,6: a que reclama un esforzo social por falar máis o galego e a que nega a inutilidade do seu estudo.

As afirmacións de que gusta oílo (media de 8,4) e que non desgusta falalo e estudalo (ambas as dúas con 8,2) están nun nivel de conformidade algo máis discreto. O acordo é menor cando se trata de subscribir que o estudo do galego non se debe restrinxir só á poboación galega, cunha media dun 7,1. Por último, está a consideración de que non é máis importante a aprendizaxe do inglés ou do francés que a do galego, cun valor de 5,9, que reflicte unha tónica xeral de acordo moderada.

Con respecto ao castelán, a intensidade das afirmacións é menor. Con valores máximos da serie (8, 7,9 e 7,8) están as afirmacións de que o castelán é unha lingua bonita, de que todos os galegos e galegas deben saber falala e de que o seu estudo non debe restrinxirse aos seus falantes. Nun segundo nivel están catro proposicións con valores medios máis baixos: que gusta escoitar o castelán ten

unha media de 7,2. Négase que sexa prioritario estudar o inglés e o francés sobre o castelán en Galicia (6,9), négase que a aprendizaxe do castelán sexa aburrida (6,9) e considérase que o castelán é unha lingua de aprendizaxe doada (6,8).

As aseveracións de que o castelán se debería ensinar en todos os países (5,8) e que o galego non é máis importante (5,5) están próximos á indiferenza. Finalmente, a afirmación de que os galegos e as galegas deberían falar menos castelán ten o menor grao de acordo (4,7).

Para poder ordenar este panorama, procedeuse a realizar unha análise factorial para tratar de reducir todos os enunciados a unhas poucas dimensións. O feito de que os enunciados sexan diferentes dificulta o tratamento analítico das variables que se acaban de describir. Por isto escolleuse facer os cálculos sobre as preguntas relativas ao galego. O resultado foi o seguinte:

Pregunta	Factor 1	Factor 2
P. 73 Vivo en Galicia e por iso hei de coñecer, estudar e falar en galego	X	
P. 72 Gústame oír falar en galego	X	
P. 76 Gústame falar en galego	X	
P. 70 Deberíamos esforzarnos por falar máis o galego	X	
P. 67 Parécese ben que todos os nenos e nenas de Galicia estuden en galego	X	
P. 74 O galego soamente o deberían estudar os galegos		X
P. 69 Non serve estudar o galego porque seguramente non o usarei nunca		X
P. 75 O galego é unha lingua que non soa ben		X
P. 71 É máis importante aprender inglés ou francés que galego		X

Como se pode apreciar, obtéñense dous factores. Estes teñen un auto-valor superior a 1, que explican o 50% da varianza (30 + 20). Con rotación Varimax, as saturacións quedan como na táboa anterior. Elimínase a pregunta 68 porque satura nos dous factores de xeito semellante.


Os elementos comúns do primeiro factor resúmense en que todos os ítems tratan de algo relativo ao individuo e etiquetáranse como “solidariedade ante o galego”. Os ítems do segundo factor, en cambio, valoran propiedades da lingua e chamaráanse “status do galego”.

Procedeuse a transformar as variables a unha soa de cada unha das dimensións e fíxose con elas unha análise da varianza en medidas repetidas para observar a relación entre estas dúas dimensións das actitudes e as variables independentes.

A distancia entre as dimensións é representativa. Aínda que as puntuacións son altas nas dúas, en “solidariedade ante o galego” son máis altas (8,6 fronte a 7,7). As diferenzas coas variables independentes resultaron ser significativas coa lingua inicial, coa lingua habitual e cos estudos.


En canto á lingua inicial, os/as que aprenderon a falar en galego puntúan máis alto nas dúas dimensións, os/as que aprenderon en castelán puntúan máis baixo nas dúas dimensións e os/as que aprenderon nas dúas quedan nunha situación intermedia.

Actitudes cara ao galego segundo a lingua inicial



O efecto da lingua habitual é o esperado. Son mellores as actitudes nas dúas dimensións canto máis galego incorporan os mozos e mozas na súa fala.

Actitudes cara ao galego segundo a lingua habitual




A influencia da variable estudos débese aos que completaron estudos universitarios, que teñen puntuacións máis altas ca os demais nas dúas dimensións. As outras diferenzas non son significativas.

4.4. A identidade étnica

As preguntas 87, 88 e 89 conforman un bloque situado entre o dedicado ás actitudes e o referido á vontade de comunicar. Atenderon á cuestión sobre o grao en que se senten galegos/as, españois/las e europeos/as, nunha escala de puntuación do 0 ao 10, que se corresponde a un mínimo absoluto e un máximo de sentimento de identificación.

Grao de sentimento da propia identidade como galego/a, español/a e europeo/a



O gráfico presenta tres valores positivos pero de intensidade decrecente, que reflicten as fraccións útiles que responden en cada caso, a totalidade da mostra no primeiro e a práctica totalidade nos outros dous, nas medias 8,7, 7,4 e 7. A mocidade galega non ten un sentido excluínste da identidade, senón que comparte as tres. Dentro desta tónica xeral é evidente que o sentimento de identidade galega é máis intenso.

Realizouse unha análise de varianza en medidas repetidas para determinar que variables inciden significativamente nas preguntas sobre a identidade.

Segundo os resultados, o grao de sentimento de identidades varía principalmente en función da lingua habitual, dos estudos e do hábitat de residencia. A mocidade que fala galego é a que se sente máis galega, cun grao de identidade de 9,6, e a unha distancia moi significativa séntese menos europea e española, cun valor de 6,9 en ambos os dous casos. Os/as que falan castelán habitualmente tenden a puntuar dunha maneira similar nas tres identidades (7,8, 7,9, 7,4 respectivamente). As persoas con máis estudos son as segundas en sentirse máis galegas (9,3) e, en cambio, puntúan máis baixo na identidade española (7,1) e son as que menos europeas se senten de toda a mostra. En canto ao hábitat, a

identidade galega é a que se comporta dunha maneira diferente, ao sentirse máis galegos/as os habitantes do rural, pero sen amosar grandes diferenzas entre as outras dúas identidades.

Grao de sentimento da propia identidade segundo a lingua habitual, os estudos e o hábitat

		Galego/a	Español/a	Europeo/a
Lingua habitual	Só galego	9,6	6,9	6,9
	Máis galego ca castelán	9,2	7,5	7,1
	Máis castelán ca galego	8,4	7,5	6,7
	Só castelán	7,8	7,9	7,4
Estudos	Non completou estudos obrigatorios	7,9	7,7	7,5
	Completou estudos obrigatorios	8,7	7,6	7
	Completou estudos secundarios	8,7	7,4	7
	Completou estudos universitarios	9,3	7,1	6,3
Hábitat de residencia	ZDP	8,4	7,3	6,7
	ZIP	8,4	7,7	7,2
	ZPP	9,1	7,3	7,1


4.5. Predisposición a usar o galego e o castelán en determinadas circunstancias

Neste apartado estudouse a disposición a usar o galego ou o castelán segundo a vontade de comunicar, atendendo ás circunstancias en que se desenvolve o individuo. Para isto, formulouse un cuestionario con 10 preguntas (da 90 á 109) que corresponden a dez ámbitos, primeiro sobre o galego e despois sobre o castelán. A escala avalía do 0 ao 10, na que o 0 supón unha disposición nula e o 10 a máxima.

A lectura das medias resultantes para o galego, que se expoñen no gráfico, presenta varias evidencias.

As relacións familiares así como con xefes/as e profesores/as (destes últimos estaban excluídos os/as das linguas) son os ámbitos en que se presenta unha maior disposición a falar en galego, cunha media dun 8,2, como se pode observar a continuación.

Predisposición ao uso do galego e do castelán segundo o ámbito



As amizades ocupan a segunda posición no grao de disposición a falar o galego, cunha media dun 7,9. A vontade de usar o galego nun exame escrito tamén obtén unha media alta, 7,4 puntos, seguida pola exposición oral en público cun 7,2. No tocante ao emprego das novas tecnoloxías, os valores sitúanse por riba do 7, enviar unha mensaxe por whatsapp 7,2, unha entrada nunha rede social como Facebook 7,1 e un correo electrónico 7.

A intención de falar galego con persoas descoñecidas obtén unha media dun 6,9, un valor que baixa ata o 4,3 cando se trata de facelo cun grupo de castelánfalantes.

A intención de usar o castelán en determinadas circunstancias achega medias máis baixas ca no apartado referente á utilización do galego. A media máis elevada, 7,3, dáse na disposición a falar castelán con descoñecidos e na exposición pública (no caso do galego eran 6,9 e 7,2 respectivamente). Tamén comparten unha media de 7 a realización dun exame e a relación con amizades próximas (por baixo dos valores en galego, que eran, por esa orde, 7,4 e 7,9). Cunha media de 6,9 coinciden tres circunstancias: a relación co profesorado e con superio-

res no traballo (para o galego 8,2), a redacción dun whatsapp e dunha entrada nunha rede social. Non obstante, é na disposición para falar castelán en familia onde se reflicten diferenzas co caso do galego, unha media de 6,2 fronte a un 8,2 respectivamente. Por último, hai coincidencia na falta de disposición para falar na lingua de referencia no medio dun grupo de falantes da outra lingua, unha media de 3,1 no caso do castelán e de 4,3 no caso do galego.

Realizouse unha análise de varianza de medidas repetidas para dar conta da relación que hai entre os distintos ámbitos, as dúas linguas e as variables independentes.

As diferenzas entre as situacións, pese a semellar pequenas, son estatisticamente significativas. En xeral, a predisposición a usar calquera das linguas é bastante positiva, con medias superiores a 6 en todos os casos, agás no par 6 (nun grupo de persoas que falan a outra lingua), nas que a predisposición a usar unha lingua diferente da do grupo é baixa.


Vista a semellanza entre as puntuacións medias das diversas situacións (agás o mencionado par 6), verificouse que as de cada lingua podían tratarse como unha escala. Os coeficientes de fiabilidade son óptimos: 0,94 (sobre un valor máximo de 1) para as preguntas sobre o galego, e 0,96 para as preguntas sobre o castelán (en ambos os casos excluídas as que forman o par 6).

Calculouse, pois, para cada suxeito, unha medida única para cada lingua, consistente na media de nove das dez preguntas: “predisposición a usar o galego” e “predisposición a usar o castelán. Como era previsible, a media da predisposición a usar o galego (7,4) é superior á predisposición a usar o castelán (6,9).

Con esas dúas variables fíxose outra análise de varianza en medidas repetidas, con esas dúas novas variables como factor intrasuxeitos e as habituais intersuxeitos consideradas anteriormente.

A lingua habitual ten un efecto significativo que interacciona coa lingua, o que explica o 30% da varianza. A interacción represéntase no gráfico seguinte: obsérvase como a altura das barras azuis vai descendendo de esquerda a dereita, mentres que a das barras vermellas vai aumentando.


Predisposición ao uso do galego e do castelán segundo a lingua habitual



Os/as monolingües habituais amosan unha baixa predisposición a usar a outra lingua, máis marcada no caso das persoas que usan só galego.

O efecto seguinte en importancia, a moita distancia do anterior, é o da interacción entre a predisposición e a lingua inicial, que achega unha explicación para un 4% máis de varianza e que se representa no gráfico seguinte.

Predisposición ao uso do galego e do castelán segundo a lingua inicial



Obsérvese de novo a inversión da altura das barras azuis e vermellas nos extremos dereito e esquerdo do gráfico, cunha distancia máis pronunciada nos individuos que aprenderon a falar en galego. Os/as bilingües iniciais, en cambio, teñen a mesma predisposición a usar calquera das linguas.

Poden observarse tamén efectos de menos importancia na interacción cos estudos e co sexo. Cos estudos, as persoas que completaron os universitarios amosan unha predisposición máis alta que o resto a usar o galego, e máis baixa a usar o castelán. En canto ao sexo, se ben nos dous a predisposición ao uso do galego é superior á do castelán, neste último caso a predisposición das mulleres non é tan baixa coma nos homes.

En canto ao par excluído, na predisposición a usar unha lingua diferente da que se fala no grupo en que se atopa o suxeito, só son significativas a interacción con lingua habitual (explica o 13% da varianza) e con lingua inicial (2% da varianza). Ambos maniféstanse de xeito semellante ao da predisposición xeral. A baixa porcentaxe de varianza explicada débese a que hai unha gran variación individual que non responde ás pautas que sinalan as variables independentes utilizadas, algo que indica tamén que a desviación típica destas dúas variables sexa superior á que teñen as medidas de predisposición xeral.


4.6. Disposición a falar máis galego

Este apartado trata sobre a disposición por parte de quen fala castelán para usar máis o galego (monolingües ou bilingües con predominio do galego ou do castelán). Por razóns de simetría e con ánimo de observar a situación oposta, mediuse tamén a disposición de quen fala galego (monolingüe ou bilingüe con predominio do castelán ou do galego) para usar máis o castelán. Hai que ter en conta que as dúas fraccións da mostra que se van comparar (monolingües en galego ou castelán, e bilingües con predominio do galego ou do castelán, en ambos os dous casos) teñen como intersección o subconxunto formado polas persoas bilingües.

O 50,7% dos individuos da mostra son bilingües, segundo a lingua que falan habitualmente. As proporcións de monolingües nun e noutro idioma son idénticas: 24,6%, o peso daquelas dúas fraccións obxecto de estudo agora, polo que as dúas fraccións que se van observar deberían supoñer o 75,3% da mostra total.

Tal e como se pode observar no seguinte gráfico, o grao de disposición a usar máis habitualmente o galego é superior en 1,6 puntos ao caso dos dispostos a falar máis o castelán (7,4 de media fronte a un 5,8 respectivamente).

Grao de disposición declarado a usar máis habitualmente o galego e o castelán



A continuación, lévase a cabo un cruzamento pola lingua habitual falada. Constátase que os individuos de perfil bilingüe amosan sempre maior disposición a incrementar o uso do galego que do castelán, como se pode ver na táboa inferior. Tamén é moi importante a diferenza entre os/as monolingües. Os/as castelanfalantes teñen unha disposición a falar galego moito maior que os/as galegofalantes a falar castelán.

Grao de disposición declarado a usar máis habitualmente o galego e o castelán segundo a lingua habitual

Disposición a...	utilizar o galego	utilizar o castelán
Só galego	-	4,1
Máis galego ca castelán	8,9	5,7
Máis castelán ca galego	7,6	7,1
Só castelán	6,3	-

Para procurar predicir cales poden ser as variables que inflúen nunha hipotética disposición a falar máis galego nun futuro próximo por parte da mocidade, realizouse unha análise de regresión múltiple sobre a variable que mide ese fenómeno.

Probáronse diferentes modelos, pero o que resultou máis satisfactorio explica o 45,5% da varianza desa disposición a falar máis galego.

É un resultado destacable a ausencia de capacidade de predición que tiveron algunhas variables que se utilizaron na fase exploratoria da análise. Ningunha das variables independentes que se utilizaron de maneira sistemática neste traballo amosou diferenzas significativas coa variable dependente. Isto quere dicir que a disposición a falar máis galego non se ve afectada pola idade, o sexo, o hábitat de residencia, os estudos ou o status socioeconómico. Tampouco se ve influída polas variables de tipo lingüístico como a lingua inicial e habitual.

Decidiuse tamén medir o grao de influencia das variables que se utilizaron para analizar a presenza do galego no ámbito educativo e mais as competencias lingüísticas. Os resultados tamén son claros nese aspecto e ningunha das variables achegaba representatividade estatística á predición. Isto quere dicir que a disposición a falar máis galego non se atopa influída nin pola lingua que fala a mocidade co profesorado ou cos compañeiros e compañeiras, nin pola cantidade de clases que perciben recibir en galego, nin tampouco polas competencias que se mediron, quizais porque os mozos e mozas atribúen a si mesmos en xeral unhas capacidades altas en galego.

Todo isto orientaba a análise cara a buscar outras razóns que aumentasen esa disposición a falar máis galego. Finalmente esta atopouse en varias variables recodificadas que xurdiron de análises que se fixeron ao longo destes dous últimos capítulos.

A variable con máis capacidade de predición é a dimensión que se chama “solidariedade ante o galego” das actitudes lingüísticas. Como vimos, son actitudes en que a mocidade valora positivamente a relación entre ser galego e a lingua, e nas que se expresa un afecto cara ao galego. Isto significa que unha actitude positivamente emotiva cara ao galego aumenta esa disposición a usalo máis. Non ocorre o mesmo coa actitude que identifica o galego coa utilidade.

A seguinte variable en poder de predición, o cal non resulta sorprendente, é a que se denomina “vontade de comunicar en galego”, que mide a predisposición a usar esta lingua en determinadas situacións.

A terceira variable é a exposición ao galego. A mocidade está en maior medida disposta a incrementar o uso do galego se tivo unha maior exposición a esta lingua no seu contacto con galegofalantes (familia, veciñanza, parella, amizades e tamén no centro de estudos ou traballo). A influencia deste último contexto, que podería entenderse que é contraditorio cos achados xa comentados sobre ausencia da influencia da escola, podería explicarse porque o que inflúe non é un ámbito por si só, senón a exposición ao galego en todos.

A última das variables é a “acomodación lingüística en galego”, que se define no capítulo anterior como o fenómeno segundo o cal as persoas se adaptan ou non á lingua do/da interlocutor/a. O resultado indica que canto maior é o grao de acomodación en galego maior é a disposición a utilizalo de forma habitual.

5. CONCLUSIONES E PROPOSTAS

A mocidade galega constitúe un suxeito lingüístico de capital relevancia para comprender a complexa situación sociolingüística de Galicia. Se se pretende elaborar un diagnóstico da saúde do idioma galego, o traballo cos mozos e coas mozas resulta fundamental. O informe que agora se conclúe pretende ser unha ferramenta útil para ese diagnóstico, mais tamén quere contribuír a identificar algunhas das liñas de actuación que urxe poñer en marcha para promover e facilitar a galeguización social de todos os mozos e as mozas que desexen ocupar (ou que xa ocupan) un espazo nunha Galicia na que a lingua propia constitúa un referente vital. Así pois, dividiuse este apartado final en dúas partes. Na primeira recóllense as conclusións do traballo e na segunda inclúese un repertorio de propostas cuxa aplicación é necesaria e urxente.

5.1. Conclusións

A complexidade sociolingüística de Galicia ten na mocidade un eixe central, na medida en que nela se atopa, ao mesmo tempo, a confluencia do heteroxéneo e o homoxéneo. Así, en consonancia co que traballos precedentes teñen demostrado, mentres que a análise da praxe lingüística permite elaborar perfís ben diferentes, a indagación nas ideoloxías lingüísticas identifica un patrón máis común e maioritario de valoración positiva do idioma galego. Dito con outras palabras, o comportamento lingüístico é en gran medida consecuencia da lingua herdada no eido familiar e, por outra parte, non está asociado de maneira determinante coas ideoloxías lingüísticas. Alén diso, si se observan algúns matices salientables. Por exemplo, nun contexto de actitude xeral favorable a prol da dignificación do galego, do seu recoñecemento como lingua útil, esta posición é máis consistente entre os mozos e as mozas que usan habitualmente o galego.

A transmisión interxeracional constátase como unha causa de desgaleguización. Pese a que resultados alleos a esta investigación suxiren que este fenómeno se atopa

en retroceso e que hoxe en día o apego á lingua inicial é maior que entre os nados hai unhas décadas, a perda desa transmisión é un fenómeno do que algúns mozos e mozas se consideran protagonistas, pero para o que non atopan explicación.

As relacións horizontais parecen tamén favorecer a castelanización. Algúns sectores da mocidade teñen unha tendencia a mocear en castelán, aínda que na investigación cuantitativa se detecta unha actitude xeral que nega que sexa preferible usar esta lingua para este fin. Ademais, o uso do galego no ámbito máis próximo e na escola descende coas amizades e compañeiros e compañeiras.

A escola, pese a ser o lugar onde moitos mozos e mozas aprenden a lingua, non semella funcionar como un elemento dinamizador do uso do galego, senón máis ben como reflexo do status da lingua en cada lugar. Así, viuse como o galego ten unha presenza importante na escola para os/as que xa son galegofalantes, pero menor para os/as castelanfalantes.

A percepción que ten a mocidade das linguas no sistema educativo varía. Para algúns individuos a escola é fonte de competencia lingüística, pero para outros é un atranco porque lles xera confusión ao teren que aprender determinadas materias en galego. Exceptuando a mocidade que adopta un discurso consoante coa normalización en galego, non ve ben que se esixa o uso do galego na escola, nin que esta lingua sexa acaída para aprender contidos técnico-científicos. Con todo, en xeral consideran que o sistema educativo ten que encargarse da supervivencia do idioma.

A mocidade ve un difícil futuro para o galego. Aínda que as persoas entrevistadas recoñecen que a lingua está nunha situación delicada e que cómpren esforzos para revitalizala, vese un escaso compromiso con ese futuro no referente a usar o galego. Cando se lles pregunta pola lingua de transmisión á súa descendencia, a maioría opta polo castelán. Os/as monolingües en galego, pese a ter clara a necesidade de falarlles galego aos descendentes, non descartan a transmisión familiar do castelán.

As actitudes belixerantes co uso do galego non se conforman como un discurso maioritario, nin sequera como unha actitude clara, pero hai que salientar que existen individuos que sosteñen unha visión moi negativa da lingua. É unha actitude minoritaria, case residual, pero que non ten parangón ao falar do castelán.

O discurso normalizador ou militante tamén se atopa entre a mocidade. Son individuos que viven o galego como unha parte fundamental da súa identidade, fan un uso da lingua en todos os ámbitos e reivindicán para esta un maior apoio e

compromiso social. En consonancia co seu discurso, optan por transmitir o galego aos seus fillos e fillas.

Só unha parte dos mozos e mozas percibe o galego como sinal de identidade. En xeral, agás a mocidade cun discurso de militancia lingüística a favor do galego, interprétase o castelán como lingua común e que achega unha identidade colectiva por riba da galega. En relación con isto, non senten percepción de conflito entre as dúas linguas, a non ser por parte daqueles/as militantes. Malia todo, a mocidade manifesta sentirse galega en primeiro lugar.

O discurso da “liberdade” e da “imposición” atópase estendido entre parte da mocidade que reivindica a liberdade á hora de empregar o castelán nas materias en que é obrigatorio aprender en galego, pero non ao revés. É un discurso en que o galego non debe supoñer obrigas e no que só o castelán ten ese privilexio.

O discurso de “utilidade” aplicado ás linguas aparece entre a mocidade bilingüe e monolingüe en castelán, e presenta o devandito argumento como elemento importante para xustificar o uso do castelán.

O hábitat de residencia é o marcador máis relevante para entender os usos lingüísticos na mocidade galega. Nas cidades, a presenza de galegofalantes habituais é minoritaria. De feito, unha boa parte da mocidade urbana ten reducida afinidade familiar co idioma galego, fronte a vilas e, nomeadamente, o rural, onde esta familiaridade idiomática é cotiá. Nisto incide, ademais, o perfil demográfico de Galicia, coa poboación moza máis concentrada nos núcleos urbanos. De feito, o imaxinario xeral da mocidade coincide en continuar a ver o galego como lingua do mundo rural e/ou de xente de idade avanzada. Tanto os/as que viven nese hábitat coma no urbano teñen esa imaxe asociada.

O mundo vilego neste momento plasma a evolución actual da situación sociolingüística galega. O proceso de desgaleguización que os/as falantes perciben ou exemplifican coas propias vivencias é un paso anterior á situación das urbes máis grandes e posterior ao do rural. De feito, a mocidade rural é consciente de que se se move de hábitat pode ser absorbida lingüisticamente.

É importante destacar que un perfil de falante de galego se identifica como falante dunha variedade que denomina “ghalegho” ou “castrapo” e que considera distinta da normativa. De feito, existe un problema ao respecto da autoestima lingüística dalgúns destes perfís, sobre todo do rural e das vilas, xa que unha gran parte

considera que a lingua que empregan non é de calidade, mesmo entre quen ten un discurso normalizador.

Malia que a autoavaliación da competencia lingüística e autoconfianza é positiva nos resultados que ofrece a enquisa, nos grupos de discusión algúns mozos e mozas manifestan non ter un dominio satisfactorio da lingua galega, ben porque consideran que o que falan non é correcto, ben porque non o falan e denotan falta de soltura e/ou comodidade.

A lingua habitual é a variable determinante para explicar os usos lingüísticos en ámbitos diferentes ao familiar: compañeiros, escola, profesorado, actividades de lecer, mercado laboral. Pese ao que se veu nalgún dos grupos de discusión, son escasos os cambios de lingua. Isto supón que o ámbito xa non é un factor tan mobilizador do cambio lingüístico funcional, a diferenza de épocas recentes, nomeadamente entre galegofalantes.

Agora ben, se nos situamos nun maior nivel de concreción nas interaccións sociais, a mocidade auto-représéntase cun comportamento lingüístico acomodadizo, en función da lingua en que se establecen interaccións tales como preguntas-respostas ou toma de apuntamentos. Neses casos, pódese dicir que o proceso de adaptación lingüística é a regra: úsase a lingua en que se inicia a interlocución, é dicir, a lingua do/a outro/a. Aínda que a acomodación atinxe os dous perfís lingüísticos, os resultados da enquisa indican que se dá en maior medida entre os/as castelanfalantes nunha interacción iniciada en galego que entre os/as galegofalantes cando a interacción comeza en castelán. Con todo, dos grupos de discusión despréndese que a acomodación cara ao castelán segue a ser un elemento importante.

Nos usos escritos, o castelán é a lingua predominante, mesmo entre os mozos e mozas que se declaran falantes exclusivos ou prioritarios de galego.

Tomada en conxunto, a mocidade galega manifesta un consumo baixo de medios en galego (radio, televisión, música, libros, xornais, redes sociais, Internet), especialmente aqueles mozos e mozas que usan menos esta lingua, mais tamén entre os/as que se declaran consumidores/as habituais de medios. Algúns, sobre todo os/as monolingües en galego, critican a falta de autenticidade do galego que se emprega nalgúns casos.

Pese a algunhas evidencias que se tiran da parte cualitativa desta investigación, o dominio declarado do galego e a confianza no seu uso son, en xeral, bos e apenas se diferencian do manifestado para o castelán. Nunha e noutra lingua, a competencia

máis moderada é o da ‘naturalidade oral’, entendida como un uso fluído da lingua oral. En todo caso, a auto-confianza lingüística está determinada pola lingua habitual. En consecuencia, o aumento no uso dunha lingua favorece unha percepción de maior control e dominio desta. Tamén se identifican mellores niveis de auto-confianza nas dúas linguas en persoas con estudos superiores.

Os resultados cuantitativos indican que non se contemplan preferencias ideolóxicas sobre a utilidade das linguas. En xeral, a mocidade non percibe que o castelán sexa unha lingua máis axeitada ca o galego en interaccións sociais tan diversas, formal e funcionalmente, como mocear (malia o dito nalgún dos grupos de discusión) ou realizar unha entrevista de traballo. Cómpre destacar que esta preferencia non ten que ver co uso efectivo.

Pese a algunhas das cousas que se levan dito, o estudo das ideoloxías lingüísticas clarifica unha posición favorable ao galego. A súa plasmación en niveis de maior concreción, como é o da construción actitudinal, pon de manifesto que mesmo entre os/as castelanfalantes hai unha boa ‘solidariedade co galego’ e un aprecio favorable respecto ao seu ‘status’, aínda que sexa lixeiramente máis matizada ca no caso dos/das galegofalantes ou entre quen fala habitualmente ambas as dúas linguas. Con todo, détéctanse aínda certas representacións, en maior ou menor medida prexuízosas, sobre o idioma galego. Trátase dun exercicio de auto-vixilancia lingüística que exerce un autocontrol non correctivo, por innecesario e prexuízoso, o que, no fondo, se converte nun problema fundamental que cómpre superar. Como contrapartida, tamén coexiste entre a mocidade falante de galego tradicional unha defensa da autenticidade e da lexitimidade da súa lingua.

Respecto da construción identitaria, a mocidade galega no seu conxunto sitúase nunha tripla identificación: séntese galega, española e europea, mais cun sentido decrecente da primeira á última. Neste caso, a lingua habitual é un elemento identificador, cando menos en dúas direccións. Dunha banda, entre os/as falantes de galego a lingua marca moi abertamente a preferencia por unha identidade galega. Doutra banda, entre os/as falantes de castelán, a cuestión identitaria é máis homoxénea, o que cómpre interpretalo no sentido de que a lingua é menos determinante para a autoidentificación. O nivel de estudos tamén semella unha variable estratificadora: canto maior nivel de estudos se teña, máis notoria é a identificación con ser galego/a e menos con ser español/a e ser europeo/a.

A mocidade non mostra grandes reparos á hora de usar o galego en interaccións de moi diversa índole (malia que, en moitos casos, na práctica non o utilice), agás cun grupo en que a lingua predominante sexa o castelán. A predisposición a cambiar de lingua nestes contextos é menor nas persoas que se declaran monolingües habituais, nomeadamente entre os mozos e as mozas que só falan galego. Trátase, xa que logo, dunha posición consistente e consciente de que, agás excepcións, en Galicia non é preciso mudar de lingua en función do contexto.

Relacionado co que se acaba de sinalar, unha conclusión importante deste estudo é a disposición declarada a mobilizar en maior medida a segunda lingua do repertorio lingüístico de cada mozo e moza. Esta disposición é máis marcada entre os/as castelanfalantes a usar o galego ca entre os/as galegofalantes a usar o castelán. Na disposición a usar máis o galego incide en primeiro lugar a dimensión afectiva das actitudes lingüísticas, seguida da vontade de usalo nas situacións especificadas no cuestionario (coas amizades, coa familia, etc.) e, en menor medida, da exposición ao galego e da acomodación ante interaccións iniciadas nesta lingua.

5.2. Propostas

Gran parte do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* ten plena validez. Dalgunha maneira, a primeira recomendación é remitirse ás medidas alí recollidas en materia de mocidade. Dito isto, enuméranse a continuación unha serie de propostas que emanan directamente da presente investigación.

A medida básica é deseñar un proxecto de fomento da lingua galega para toda a sociedade, pois se non é así é inviable que se acaden melloras reais e efectivas entre a xente moza. Nel deben sinalarse os obxectivos e accións para comezar a desenvolver a curto, medio e longo prazo. Ademais, debe contar cun orzamento e incluír plans locais (no nivel municipal e/ou comarcal) de fomento da lingua galega a partir dunha visión global, integradora de todas as accións.

Este fomento da lingua debe enmarcarse nunha promoción no ámbito social dun plurilingüismo inclusivo que parta do idioma galego. Trátase de construír un discurso sobre o plurilingüismo con base no galego no que se demostre a utilidade e viabilidade deste.

Outro punto de partida desexable é a busca do consenso entre os partidos políticos para excluír a lingua galega da loita partidista. Ao fío disto cómpre unha mudanza do discurso institucional de cara á lingua galega para que a sociedade perciba que é un elemento potenciador da cohesión social.

Hai que impulsar a promoción do idioma galego desde unha perspectiva transversal, atendendo aos diferentes perfís sociolingüísticos que existen na sociedade en xeral (e entre a mocidade en particular), cun enfoque concreto e pragmático, orientado a fomentar a estima cara ao idioma, así como o seu uso en todos os contextos posibles. É necesario eliminar todas as representacións negativas que existen no imaxinario social, como a descualificación do galego tradicional ou a identificación das campañas normalizadoras coa “imposición”. Nesa promoción débense ter en conta as diferentes variantes da lingua, do acento e de todo aquilo que supoña unha estigmatización dos/as galegofalantes.

Os comportamentos lingüísticos nos ámbitos menos condicionados por factores externos (nos que o individuo pode optar con máis autonomía) teñen un correlato moi grande coa lingua inicial. Neste contexto de desgaleguización cómpre intervir sobre a transmisión familiar da lingua galega para deter/reverter o proceso de desgaleguización inicial.

Un dos factores da desgaleguización parece atoparse nas primeiras etapas educativas. Cómpre un cambio de modelo do ensino de 0 a 6 anos, para o que se fai necesaria unha oferta de educación infantil en galego que garanta o ensino nesta lingua nos primeiros anos de escolarización, tal e como recolle a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. A experiencia das “liñas en galego para castelanfalantes” desenvolvidas no seu día constataron a súa viabilidade.

Os datos globais sobre lingua da docencia mostran un equilibrio entre as dúas linguas oficiais, pero a distribución por lingua habitual constata un maior uso do castelán na docencia dos/das castelanfalantes e do galego nos/nas galegofalantes. Neste contexto son necesarias accións para ampliar o uso do galego nos contextos castelanófonos porque só un uso preferente do galego pode garantir unha competencia bilingüe.

Para facilitar o labor de centros e ensinantes, debe fomentarse, desde a Administración, a elaboración de recursos didácticos, actualizados e de calidade, para impartir calquera materia en galego. Tamén é imprescindible a elaboración de recursos para a aprendizaxe en galego por parte do alumnado con necesidades especí-

ficas de apoio educativo. En relación con isto, pode ser complementaria unha guía didáctica para o sistema educativo pensada e deseñada desde unha sociolingüística da mocidade.

O grao de exposición ao galego ofrece índices baixos no relacionado cos medios de comunicación, con manifestacións do lecer e coas novas tecnoloxías. Cómpre incidir sobre estes ámbitos para garantir unha oferta variada e atractiva en galego para este sector da poboación. En relación con isto, é necesario impulsar un apoio decidido aos medios de comunicación en galego e promover a galeguización dixital en todos os ámbitos en que a mocidade estea activamente implicada. A planificación das actividades de lecer para este sector da poboación debe incluír o fomento do galego entre os seus obxectivos.

Dada a baixa identificación da mocidade coa música galega, é necesaria a incentiación, promoción e difusión da creación musical en galego. Asemade, hai que apoiar aquelas iniciativas culturais autoxestionadas pola mocidade nas que a lingua galega sexa un pilar fundamental.

Débese coidar a locución dos medios de comunicación en galego para que a lingua que se transmita teña unha calidade lingüística satisfactoria, manifestada nos indicadores de corrección e de variedade.

Como se viu, o predictor máis eficiente dun hipotético incremento do uso do galego na mocidade é a dimensión actitudinal afectiva. Xa que logo, débense levar a cabo accións que fomenten esa predisposición positiva cara ao galego na mocidade e desenvolver esa dimensión xa na infancia. Tamén é necesario deseñar accións dirixidas a transformar esa disposición en incremento efectivo de uso.

Os resultados que ofrece unha investigación como a presente son moi variados e útiles para a planificación lingüística. Os poderes públicos deben apoiar e fomentar a investigación sobre a mocidade e a lingua para que exista unha continuidade dos estudos deste tipo.

Por último, propónse poñer en marcha un consello asesor independente, de carácter técnico, especializado e pluridisciplinar aínda que administrativamente dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, especificamente pensado para abordar a dinamización e a dignificación do idioma galego entre a mocidade.

**ANEXO I.
CARACTERIZACIÓN
DOS PARTICIPANTES**

ANEXO. CARACTERIZACIÓN DOS PARTICIPANTES

1. Grupo de Frades

Nº 1.- Frades 1; mozo; 26 anos; galego; ESO; parado; obradoiro ocupacional.

Nº 2.- Frades 2; moza; 22 anos; galego; ESO e ciclo medio de FP; parada; obradoiro ocupacional.

Nº 3.- Frades 3; moza; 23 anos; galego; ESO; parada; obradoiro ocupacional.

Nº 4.- Frades 4; mozo; 22 anos; galego; ESO; parado; obradoiro ocupacional.

Nº 5.- Frades 5; moza; 23 anos; galego; Bacharelato; estudante de ciclo medio de FP.

Nº 6.- Frades 6; moza; 24 anos; galego; Bacharelato; estudante de ciclo medio de FP.

Nº 7.- Frades 7; mozo; 22 anos; galego; ESO e FP de grao medio; traballando como mecánico agrícola.

2. Grupo de Viveiro

Nº 1.- Viveiro 1; moza; 19 anos; castelán; FP de grao medio; traballando.

Nº 2.- Viveiro 2; moza; 22 anos; castelán; FP de grao medio de Administración; traballando en prácticas.

Nº 3.- Viveiro 3; moza; 19 anos; galego; Bacharelato e FP de grao superior; traballando.

Nº 4.- Viveiro 4; moza; 20 anos; galego e castelán; Bacharelato; parado e traballadora discontinua; estudante de FP de grao medio.

Nº 5.- Viveiro 5; moza; 21 anos; galego; Bacharelato; estudante de FP de grao superior.

Nº 6.- Viveiro 6; mozo; 17 anos; galego; ESO; estudante de FP de grao medio.

Nº 7.- Viveiro 7; mozo; 22 anos; castelán; FP de grao superior de Informática.

Nº 8.- Viveiro 8; mozo; 21 anos; galego; ESO; estudante de FP de grao superior.

Nº 9.- Viveiro 9; mozo; 18 anos; castelán e galego; Bacharelato; estudante de 1º de Historia.

3. Grupo de Vigo

Nº 1.- Vigo 1; moza; 18 anos; castelán; Bacharelato; estudante de 2º de Medicina.

Nº 2.- Vigo 2; moza; 17 anos; castelán; ESO; estudante de 2º de Bacharelato.

Nº 3.- Vigo 3; moza; 17-18 anos; castelán; ESO; estudante de 2º de Bacharelato.

Nº 4.- Vigo 2; moza; 17-18 anos; castelán; ESO; estudante de 2º de Bacharelato.

Nº 5.- Vigo 5; mozo; 17 anos; galego e castelán; ESO; estudante de 2º de Bacharelato.

Nº 6.- Vigo 6; mozo; 16 anos; castelán e galego; ESO; estudante de 1º de Bacharelato.

Nº 7.- Vigo 7; mozo; 18 anos; galego; Bacharelato; estudante de música no CSM.

Nº 8.- Vigo 8; mozo; 17-18 anos; galego; ESO; estudante de 2º de Bacharelato.

Nº 9.- Vigo 9; mozo; 17-18 anos; castelán e galego; ESO; estudante de 2º de Bacharelato.

**ANEXO II.
CUESTIONARIO**

Nº Cuest.

Teléfono								
Provincia	COR	15	LUG	27	OUR	32	PON	36
Hábitat	1	2	3	4	5	6		
Concello				Cód.				
Entrevistador				Cód.				

Sexo	Home	1
	Muller	2
Idade		

Bos días/tardes. Estamos a facer un estudo de opinión para o Consello da Cultura Galega. Por este motivo pedimos a túa colaboración e agradecemos de antemán. O teu teléfono foi seleccionado ao azar mediante métodos estatísticos. Garantímosche o absoluto anonimato e segredo das túas respostas no máis estrito cumprimento das leis sobre segredo estatístico e protección dos datos persoais.

P1. Para comezar, poderías dicirme onde naciches?

- Galicia 1... (PASA A P3)
- Resto de España 2... (PASA A P2)
- Estranxeiro 3... (PASA A P2)
- Ns/Nc 9... (PASA A P2)

(PARA QUEN NACEU FÓRA DE GALICIA, P1 ≠ 1)

P2. Se naciches fóra de Galicia, cantos anos levas en Galicia?

- Anos en Galicia |anos

(PARA QUEN NACEU EN GALICIA, P1 = 1)

P3. Se naciches en Galicia, onde naciches?

- En contorno urbano / centro urbano 1
- En urbanización / zona de chalés 2
- En contorno rural 3
- Ns/Nc 9

P4. E onde naceron teus pais? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

- Galicia 1
- Resto de España 2
- Estranxeiro 3
- Ns/Nc 9

P5. Traballaches ou estás traballando nestes momentos?

- Si, traballo / traballei 1... (PASA A P6)
- Nunca traballei 2... (PASA A P7)
- Ns/Nc 9... (PASA A P7)

(SE TRABALLA OU TRABALLOU NALGÚN MOMENTO, P5 = 1)

P6. En que rama ou sector traballas / traballaches?

- Sector primario (agricultura, pesca, industria extractiva) 1
- Sector secundario (industria) 2
- Construción 3
- Servizos (hostalería, comercio, serv. sociais, sanidade, educación...) 4
- Ns/Nc 9

LINGUA INICIAL, HABITUAL E LINGUA PROPIA

P7. Cando aprendiches a falar, en que lingua o fixeches?

- Galego 1
- Castelán 2
- As dúas 3
- Outra. Cal? 8
- Ns/Nc 9

P8. Que lingua falas habitualmente?

- Só galego 1
- Máis galego ca castelán 2
- Máis castelán ca galego 3
- Só castelán 4
- Outra. Cal? 8
- Ns/Nc 9

P9. En que lingua escribes habitualmente?

- Só galego 1
- Máis galego ca castelán 2
- Máis castelán ca galego 3
- Só castelán 4
- Outra. Cal? 8
- Ns/Nc 9

USOS LINGÜÍSTICOS

P10. Que lingua falan/ban teu pai e túa nai entre eles?

- Só galego 1
- Máis galego ca castelán 2
- Máis castelán ca galego 3
- Só castelán 4
- Outra. Cal? 8
- Ns/Nc 9

USOS LINGÜÍSTICOS NA ESCOLA

P11. Nas clases, sen contar as de lingua galega, castelá e idiomas, ti polo xeral en que idioma falas/bas co profesorado?

- Só galego 1
- Máis galego ca castelán 2
- Máis castelán ca galego 3
- Só castelán 4
- Outra. Cal? 8
- Ns/Nc 9

P12. E en que lingua falas/bas cos compañeiros da escola?

- Só galego 1
- Máis galego ca castelán 2
- Máis castelán ca galego 3
- Só castelán 4
- Outra. Cal? 8
- Ns/Nc 9

P13. Pensa en todos os anos que estiveches escolarizado. Sen contar as clases de galego, castelán e outras linguas, podes dicirnos en que lingua se impartían as clases, empregando unha escala do 0 ao 10, onde 0 é "todas en castelán" e 10 "todas en galego", e 5 "as dúas por igual"?

Todas en castelán	Todas en galego	Ns/Nc
0	10	99

USOS LINGÜÍSTICOS EXTRAESCOLARES

En que lingua realizas as seguintes actividades?

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán	Ou-tras	Ns/Nc
P14. Ir a clases de reforzo	1	2	3	4	8	9
P15. Ir a clases de música, danza, debuxo ou teatro	1	2	3	4	8	9
P16. Practicar algún deporte	1	2	3	4	8	9
P17. Tempo de ocio	1	2	3	4	8	9

USOS LINGÜÍSTICOS NO TRABALLO

(SÓ A QUEN TRABALLA OU TRABALLOU, P5 = 1)

Cal é a túa lingua preferente para...?

	Galego	Castelán	As dúas (NON CITAR)	Ns/Nc
P18. Ir a entrevistas de traballo	1	2	3	9
P19. Redactar o currículo	1	2	3	9

Que lingua utilizas para...?

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán	Ou-tras	Ns/Nc
P20. Falar cos compañeiros	1	2	3	4	8	9
P21. Falar cos clientes	1	2	3	4	8	9
P22. Falar cos xefes	1	2	3	4	8	9

NORMAS DE USO EN SITUACIÓNS BILINGÜES

Habitualmente, nas situacións seguintes que lingua empregas/bas para...?

	Galego	Castelán	Indistintamente (NON CITAR)	Ns/Nc
P23. Responder cando me falan en galego	1	2	3	9
P24. Tomar apuntamentos cando o profesor dá a clase en galego/Tomar notas no traballo cando o xefe fala en galego	1	2	3	9
P25. Responder a unha mensaxe electrónica, sms, whatsapp escrita en galego	1	2	3	9

Habitualmente, nas situacións seguintes que lingua empregas/bas para...?

	Galego	Castelán	Indistintamente (NON CITAR)	Ns/Nc
P26. Responder cando me falan en castelán	1	2	3	9
P27. Tomar apuntamentos cando o profesor dá a clase en castelán/ Tomar notas no traballo cando o xefe fala en castelán	1	2	3	9
P28. Responder a unha mensaxe electrónica, sms, whatsapp escrita en castelán	1	2	3	9

COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

Puntúa de 0 a 10 a túa capacidade de entender, falar, ler e escribir en galego, castelán e inglés, sendo 0 equivalente a "nada" e 10 a "perfectamente".

GALEGO	(0-10)	Ns/Nc
P29. Entender galego		99
P30. Falar galego		99
P31. Ler galego		99
P32. Escribir galego		99

CASTELÁN	(0-10)	Ns/Nc
P33. Entender castelán		99
P34. Falar castelán		99
P35. Ler castelán		99
P36. Escribir castelán		99

INGLÉS	(0-10)	Ns/Nc
P37. Entender inglés		99
P38. Falar inglés		99
P38. Ler inglés		99
P40. Escribir inglés		99

EXPOSICIÓN AO GALEGO: CONTACTO CON GALEGOFALANTES

Valora a presenza da lingua galega nunha semana normal nos seguintes contextos, empregando unha escala do 0 ao 10 na que 0 significa "ningunha presenza" e 10 "moita presenza".

	(0-10)	Ns/Nc
P41. Na familia próxima (pais, irmáns, avós...)		99
P42. Entre veciños do barrio		99
P43. Nas relacións íntimas (parella)		99
P44. Entre os amigos		99
P45. No centro de estudos (compañeiros, profesorado, etc.)/ No centro de traballo (clientes, compañeiros, xefes...)		99

EXPOSICIÓN AO GALEGO: A LINGUA GALEGA NOS MEDIOS

Valora a presenza da lingua galega nunha semana normal nos seguintes contextos, empregando unha escala do 0 ao 10 na que 0 significa "ningunha presenza" e 10 "moita presenza".

	(0-10)	Ns/Nc
P46. Os programas de radio e TV aos que estivo exposto dende neno		99
P47. A música á que estivo exposto dende neno		99
P48. Os libros, xornais e revistas aos que estivo exposto dende neno		99
P49. Os concertos e obras de teatro aos que estivo exposto dende neno		99
P50. As redes sociais, blogs e outros medios de información relacionados con Internet		99

REDE LINGÜÍSTICA

Por favor, pensa un momento nas cousas que fas durante a semana (p. ex., xogar cos amigos, actividades extraescolares, estar coa familia, ir á escola...). Dime, por favor, o nome de pía de catro persoas e, de cada unha, indícame o tipo de relación que ten contigo (amigo, familiar, compañeiro de clase ou traballo, etc.) e a lingua coa que falas con ela. (**PEDIR QUE CITE EXPRESAMENTE OS NOMES DESAS PERSOAS**)

	Tipo de relación	En que lingua falas con esa persoa?					
		Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán	Ou-tra	Ns/Nc
P51. Persoa 1		1	2	3	4	8	9
P52. Persoa 2		1	2	3	4	8	9
P53. Persoa 3		1	2	3	4	8	9
P54. Persoa 4		1	2	3	4	8	9

AUTOCONFIANZA LINGÜÍSTICA

A continuación dirémosche unhas frases sobre o galego. Di se estás de acordo ou en desacordo con cada frase.

	Totalmente en desacordo	En desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	De acordo	Totalmente de acordo	Ns/Nc
P55. Estou totalmente confiado en que podo falar galego comodamente e con corrección en calquera situación (ex. exame oral, entrevista de traballo...)	1	2	3	4	5	9
P56. Estou totalmente confiado en que podo escribir en galego comodamente e con corrección en calquera situación (ex. exame, oposición...)	1	2	3	4	5	9
P57. Cando falo en galego percibo que estou analizando e corrixindo todo o que digo	1	2	3	4	5	9
P58. Cando falo en galego estou traducindo dende o castelán a maior parte do tempo	1	2	3	4	5	9
P59. Atópome incómodo se teño/tivese que facer unha entrevista de traballo en galego	1	2	3	4	5	9

A continuación dirémosche unhas frases sobre o castelán. Di se estás de acordo ou en desacordo con cada frase.

	Totalmente en desacordo	En desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	De acordo	Totalmente de acordo	Ns/Nc
P60. Estou totalmente confiado en que podo falar castelán comodamente e con corrección en calquera situación (ex. exame oral, entrevista de traballo...)	1	2	3	4	5	9
P61. Estou totalmente confiado en que podo escribir en castelán comodamente e con corrección en calquera situación (ex. exame, oposición...)	1	2	3	4	5	9
P62. Cando falo en castelán percibo que estou analizando e corrixindo todo o que digo	1	2	3	4	5	9
P63. Cando falo en castelán estou traducindo dende o galego a maior parte do tempo	1	2	3	4	5	9
P64. Atópome incómodo se teño/tivese que facer unha entrevista de traballo en castelán	1	2	3	4	5	9

PERCEPCIÓN DA DISCRIMINACIÓN GRUPO ÉTNICO

Di, por favor, se estás de acordo ou en desacordo coas seguintes frases.

	Totalmente en desacordo	En desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	De acordo	Totalmente de acordo	Ns/Nc
P65. Na súa opinión, nunha entrevista de traballo en Galicia é preferible iniciar falando en castelán	1	2	3	4	5	9
P66. Na súa opinión, para ligar é preferible comezar falando en castelán	1	2	3	4	5	9

ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

Di, por favor, en que medida estás de acordo ou en desacordo coas seguintes frases sobre o galego nunha escala de 0 a 10, onde 0 significa que non estás nada de acordo e 10 que estás completamente de acordo.

	(0-10)	Ns/Nc
P67. Paréceme ben que todos os nenos e nenas de Galicia estuden en galego		99
P68. Non me gusta estudar en galego		99
P69. Non serve de moito estudar en galego porque seguramente non o utilizarei nunca		99
P70. Deberíamos esforzarnos por usar máis o galego		99
P71. É máis importante aprender inglés ou francés que galego		99
P72. Gústame oír falar en galego		99
P73. Vivo en Galicia e por iso hei de coñecer, estudar e falar en galego		99
P74. O galego soamente o deberían estudar os galegos		99
P75. O galego é unha lingua que non soa ben		99
P76. Gústame falar en galego		99

En esa mesma escala de 0 a 10 en que grao estarías de acordo ou en desacordo coas seguintes frases sobre o castelán.

	(0-10)	Ns/Nc
P77. O castelán é unha lingua bonita		99
P78. Todos os galegos deben saber falar en castelán		99
P79. O castelán soamente o deberían aprender e estudar as persoas que o falan		99
P80. Gústame oír falar en castelán		99
P81. En Galicia deberíanse estudar outros idiomas antes que o castelán		99
P82. O galego é máis importante que o castelán		99
P83. O castelán é unha lingua fácil de aprender		99
P84. O castelán é aburrido de aprender		99
P85. O castelán deberían ensinar en todos os países		99
P86. Os galegos deberían falar menos castelán		99

IDENTIDADE ETNOLINGÜÍSTICA

Agora responde, por favor, nunha escala do 0 ao 10, o número que mellor describa o grao en que te sentes...

	(0-10)	Ns/Nc
P87. ... galego/a		99
P88. ... español/a		99
P89. ... europeo/a		99

VONTADE DE COMUNICAR (INTENCIÓN)

Indícanos, por favor, a túa predisposición para usar o galego nas seguintes situacións, utilizando unha escala do 0 ao 10, sendo 0 "nada disposto" e 10 "totalmente disposto".

	(0-10)	Ns/Nc		(0-10)	Ns/Nc
P90. Cos amigos máis próximos		99	P95. Nun grupo de persoas que falan castelán		99
P91. Coa familia		99	P96. Nun correo electrónico a un amigo		99
P92. Cos profesores (excepto os de lingua)/Cos xefes		99	P97. Nun whatsapp		99
P93. Cun descoñecido		99	P98. Nunha rede social como Facebook ou similar		99
P94. Nunha exposición diante de público		99	P99. Nun exame escrito (excepto de lingua)		99

Indícanos, por favor, a túa predisposición para usar o castelán nas seguintes situacións, utilizando unha escala do 0 ao 10, sendo 0 "nada disposto" e 10 "totalmente disposto".

	(0-10)	Ns/Nc		(0-10)	Ns/Nc
P100. Cos amigos máis próximos		99	P105. Nun grupo de persoas que falan galego		99
P101. Coa familia		99	P106. Nun correo electrónico a un amigo		99
P102. Cos profesores (excepto os de lingua)/ Cos xefes		99	P107. Nun whatsapp		99
P103. Cun descoñecido		99	P108. Nunha rede social como Facebook ou similar		99
P104. Nunha exposición diante de público		99	P109. Nun exame escrito (excepto de lingua)		99

VULNERABILIDADE AO CAMBIO

(SÓ PARA OS QUE FALAN CASTELAN OU SON BILINGÜES, P8=2/3/4)

Xa case para rematar, dinos, por favor, se nun futuro próximo estarías disposto a utilizar de forma máis habitual o galego, nunha escala do 0 ao 10, na que 0 significa "nada disposto" e 10 "totalmente disposto".

	(0-10)	Ns/Nc
P110. Disposición a utilizar o galego de forma habitual		99

(SÓ PARA OS QUE FALAN EN GALEGO OU SON BILINGÜES, P8=1/2/3)

Xa case para rematar, dinos, por favor, se nun futuro próximo estarías disposto a utilizar de forma máis habitual o castelán, nunha escala do 0 ao 10, na que 0 significa "nada disposto" e 10 "totalmente disposto".

	(0-10)	Ns/Nc
P111. Disposición a utilizar o castelán de forma habitual		99

SITUACIÓN SOCIOLABORAL E CULTURAL

Para rematar pregámosche que contestes a unhas preguntas sobre a situación sociolaboral túa e da túa familia.

P112. Importaríache dicirme cantos anos cumpriches no teu último cumpreanos?

-Idade ____|____...anos

P113. Cal é o teu nivel máximo de estudos rematados?

- Non completou estudos obrigatorios..... 1
- Completou estudos obrigatorios..... 2
- Completou estudos secundarios 3
- Completou estudos universitarios 4
- Ns/Nc 9

P114. E cal é o nivel máximo de estudos rematados polo teu pai?

- Non completou estudos obrigatorios..... 1
- Completou estudos obrigatorios..... 2
- Completou estudos secundarios 3
- Completou estudos universitarios 4
- Ns/Nc 9

P115. E o nivel máximo de estudos rematados pola túa nai?

- Non completou estudos obrigatorios..... 1
- Completou estudos obrigatorios..... 2
- Completou estudos secundarios 3
- Completou estudos universitarios 4
- Ns/Nc 9

P116. De que traballa túa nai?

P117. De que traballa teu pai?

**Moitas grazas pola túa colaboración, que para nós é
de grande utilidade.
Bo día / tarde.**
